

O CANDIL

Xuño 2002

Nº 29



Fonte da Lajarteira en Vilariño-Meiro

**RÍOS, REGATOS,
FONTES E LAVADOIROS DO
CONCELLO DE BUEU**

Como un parto prematuro sae este O Candil incompleto, como algo que o tempo e as vontades non deixan madurar.

Sae coa necesidade imperiosa de dicir ¡Gracias! Gracias a tantas e tantas persoas deste pobo de Bueu que puxeron a súa pedra de esforzo para que puidese ve-la luz esta revista agora con présa rematada para poder desaparecer con dignidade.

Non só quero deixar constancia dos colaboradores máis achegados como Xosé Manuel Cerviño, Benito Fernández e José Luís Aldegunde, senón a Manuel Aldao, Pin Cabanillas, Manuel Cerviño (d.e.p), José Castro, José Seijas, M^a Eugenia Bolívar (d.e.p), Manuel Gutiérrez, Manolo Ríos (d.e.p), Victoria Martínez, Manolo Omil, Ramón Vilas, José Manuel Dopazo, Servilio Buceta, Belarmino Barreiro, Xesús Muruais (d.e.p), Pepé, Manuel, ... e todos aqueles cómplices (Agulla, Otero, Gago, Israel, Angel, Gaspar, Pepe, José María, Miguel, Suso, Tinso, Santi, ...) dun labor que tiña como fin amosar a alma de Bueu ós buenenses e que os alumnos e profesores tiveran unha arma nas súas mans para traballar con e para o seu pobo desde o coñecemento documentado e demostrable.

Non quixera esquecerme daquelas institucións, como o Museo de Pontevedra, Consello da Cultura Galega por querer ternos nos seus fondos, Instituto Ramón Piñeiro por incluírnos nos seus Informes anuais da Literatura Galega, Universidade de Santiago (Dpto. de Historia e Institucións Económicas), Concello, etc., que cos vosos requirimentos, invitacións e agradecementos aléntastenos a seguir.


Para rematar diríámolle a **O CANDIL** que non esmoreza de tristura que o tempo porá a cada quen no seu sitio. Non dubides que as túas máis de 1.000 páxinas de saber que zumegan Bueu, repartidas en máis de 12.000 exemplares iluminaron e se aniñaron ó longo destes 9 anos no corazón de moitos nenos, pais e avós que viñan a por ti antes de que te “esgotaras”.

Coordina: Arturo Sánchez Cidrás
 Colaboran: Ex-alumnos do Colexio Público de Bueu
 Benito Fernández Alonso
 Ramón Vilas e Miguel Loira
 X. Manuel Cerviño Meira e Luís Fernández Aldegunde
 Patrocina: Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia
 Dep. Legal: PO-2-96
 ISSN : 1137-1994

HISTORIA DA AUGA NA TERRA

A formación do universo

A teoría máis amplamente admitida, a do 'Big-bang', afirma que o universo formouse, fai 15.000 millóns de anos, a partir dun grande estoupido que supuxo a orixe do espacio e do tempo.




A formación do sistema solar e da auga

O Sistema Solar formouse coa contracción dunha inmensa nube de gas e po interestelar. Unha grande parte do vapor de auga formado, ó arrefriarse o Sistema Solar, queda atrapado na materia sólida.

A terra e a auga

O vapor de auga contido no océano de magma e a auga que desprendían algúns meteoritos ó chocar coa terra, evaporouse, uníndose a outros gases e formando grosas nubes que ó condensarse fixeron xurdi-los océanos.






A como excepción no sistema Solar

A terra é unha excepción entre os planetas do Sistema Solar, xa que a súa temperatura superficial permite que exista auga de forma líquida, sólida e gasosa.

A auga berce da vida

A atmosfera primitiva da Terra (metano, amoníaco,..), a radiación ultravioleta, sales, e, sobre todo, a auga en estado líquido, foron os que fixeron posible que se formaran no seu seno os primeiros seres vivos -fotosintéticos-.



A evolución e a auga. Aparición do home

A presenza de auga tamén facilitou o desenvolvemento e evolución dos seres vivos. Foi desde o mar dende onde se iniciou a conquista da terra e máis tarde do aire.





O home primitivo aséntase

preto da auga

Os primeiros humanos eran nómades polo que a súa dependencia da auga víase satisfeita ó ir trala caza que migraba a zonas húmidas nas épocas de seca. Ó facerse sedentarios o seu lugar de asentamento sempre estíó en zonas onde acceder con facilidade ó auga.

A auga como elemento constituínte da materia

O filósofo grego Tales de Mileto denominaba ó 'auga' como o primeiro elemento de tódolos seres materiais. Aristóteles dixo que toda a materia estaba formada polos catro 'elementos': terra, aire, auga e lume.



Os exipcios e a auga

É o pobo exipcio, desde l antigüidade ata os nosos días, un exemplo claro da dependencia de toda unha sociedade dun elemento tan vital como a auga. O río é vida, en contraposición co deserto que lles rodea.


Os romanos e a auga



Os romanos, excelentes constructores revolucionaron a captación de auga e o seu transporte, moitas das veces, a grandes distancias, salvando no seu percorrido desniveis con un tipo de construción denominada 'acueducto'.

Os árabes a cultura da auga en España

Os árabes foron mestres no uso, dominio e utilización da auga. Perfeccionaron os sistemas de captación e, sobre todo, de rega. Tamén fixeron da auga e dos seus xardíns símbolo de cultura e delicadeza.



Idade Media: falla de infraestruturas en vilas e pobos

Desde antes dos romanos e logo dos árabes, poucas, ou ningunha, foran as infraestruturas que posuían os pequenos pobos da península. A sucidade e contaminación, se fixo patente a través de pestes e enfermidades.



Promulgación de disposiciones sobre as augas. Século XV

Os Reis Católicos promulgaron moitas disposicións para aproveita-las augas, conserva-los regos. Destacando as do río Segura (Murcia, 1488); a do río Guadalgenil en Écija (Sevilla, 1496); a do Ebro ó seu paso por Logroño; etc.

Canal Imperial de Aragón. Século XVIII


Carlos I manda construí-lo Canal Imperial de Aragón. As Cortes de Valladolid, piden ó seu fillo, Felipe II, de visita nestas representando ó seu pai, que trouxera de fora persoas expertas para o aproveitamento da auga.



A auga distribúese de forma irregular

Globalmente contamos con suficientes recursos hidrolóxicos. Pero a irregular distribución das precipitacións no espacio e tempo fai que se teña a necesidade de ter unha visión global do problema da auga.

A nosa comarca e a auga



Para un mellor coñecemento de noso contorno próximo debemos destaca-las peculiaridades da comarca que pola súa orografía e carencia de ríos relevantes é deficitaria en auga, sobre todo nos meses estivais. A pesar de todo isto pensamos que unha mellor planificación e aproveitamento das numerosas captacións existentes eliminaría ou, alomenos, reduciría en gran medida a nosa auga-dependencia.

Antes accedíase á auga...

Ante o éxodo constante cara os núcleos urbanos e unha maior esixencia de servizos, planeouse a necesidade de mellorar, perfeccionar e/o crear un servizo de augas en todos os nosos pobos.



Hoxe accedemos a auga...

Hoxe accedemos a este servizo público de vital importancia con garantía e comodidade. É responsabilidade nosa o ser conscientes de que auga representa un ben escaso.

Decalogo DE PRINCIPIOS DA
CARTA EUROPEA Da Auga

- 1º Sen auga no hai vida posible.
- 2º Os recursos en auga doce non son inesgotables.
- 3ª Cambia-la calidade das augas é prexudicar todo tipo de vida
- 4º A calidade das augas debe ser preservada de acordo ás normas adaptadas ós distintos usos e satisfacer, especialmente, as esixencias sanitarias.
- 5º As augas usadas no deberán compromete-lo uso futuro que destas se faga
- 6º Para defende-los recursos hídricos manteranse os bosques e demais riqueza forestal
- 7º Deberá haber un rexistro de tódolos recursos hídricos, así como un plan de uso dos mesmos.
- 8º A divulgación, a investigación, a profesionalización,... serviran para protexe-la auga.
- 9º A auga é patrimonio de todos o que implica deberes e dereitos para o seu uso.
- 10º A auga non ten fronteiras.

XENERALIDADES DOS NOSOS RÍOS E REGATOS, DAS NOSAS FONTES, ...:

Temos que partir que varios son os factores que inciden directamente na formación da nosa rede hidrográfica que:

- estamos nun espacio limitado (A Península do Morrazo é pequena) e que este está atravesado por montes con orientación paralela á costa.
- o tipo de rochas que conforman o terreo e estrutura desta (fallas,...)
- e ó réxime de chuvias.

Tendo en conta isto, os ríos son de curto percorrido, case perpendiculares ó mar. O réxime de chuvias é relativamente abundante e, dado que a rochas (maioritariamente graníticas) de grande impermeabilidade e que están a pouca profundidade, provoca unha grande escorrentada polo que non hai unha infiltración de importancia e da pé a un vertido pequeno pero constante de auga.

RESUMO DOS NOSOS RÍOS E REGATOS

Comezaremos o percorrido dos ríos e regatos no extremo norte do concello de Bueu para, seguindo a liña de costa cara ó occidente, rematar nas ría de Aldán.

RÍOS DE CELA

➤ RIMIÑOTO (Ardán-Cela):

Compartindo lindeiro co veciño Marín temos o Rimiñoto nace nun manancial en medio dunhas viñas, o Cano de Resille, para verte-las augas ó norte de Lapamán.

➤ OLLO DO COTO (Cela)

Nado en Resille (Ollo de Coto) recolle as augas dos mananciais que pasando pola Fonte de Nogueira o Coto e Resille desembocan no sur da praia de Lapamán

➤ MUÍÑO VELLO (Cela)

As augas que desde A Fonte de Fanequeira recorre Fazáns e a Candeira para morrer case no medio da praia de O Muíño vello.

➤ COVELO (Cela)

Xurde na Coviña e vai ata esquina norte de Covelo.

➤ RAPOSEIRA (Cela)

Formase con pequenos regueiros, principalmente os que nacen en Piñó, Fontenla, Sar, Cano do Con,... e o que ven por Xoalde. Desemboca ó norte da praia de Portomaior.

➤ DA PENA (Cela):

Nace nas TELLEIRAS (Marín) ó que se lle van unindo o seu paso augas de moitos mananciais como as Fontes de San Lourenzo (que se xuntan nas Telleiras), Fonte de Chans, Fonte da Cachopeira (Pena- Igrexario – Curato ou horta do cura), Fonte do Cervo (Pousada-Friande-Barral-Cabo Mouro).



Ó longo do seu curto recorrido vai, ó igual que case todos os ríos e regatos, recibindo distintos nomes como Devesanova (desde a curva de Agouzos), logo de Pousada, do Mouro, Tombo, etc.: “...o Pousada, que nace en el monte de Chans, de Besanova, da parroquia de Cela, e desemboca na praia de Portomaior...”¹. “...Río de Borráu...”². “... polo poñente co camiño que vai ó río de Mouro...”³

Canalizado nos últimos 150 m, desemboca en AGRELO (xunto á de Ramón).

➤ DE PORTO CARREIRO OU DO BARRANCO DO INFERNO (Cela):

Nace de tres mananciais: o de Trambasaguas na Paradela, o de Fonte dos Barros (Ermelo) e o de Os Carballiños (Bueu).

O nomes co que se coñece depende dos lugares por onde pasa pero quizais o máis coñecido sexa o do INFERNO. “...o Inferno, que desde o alto de Fosonoval, na mesma parroquia, corre, ou mellor precipítase na forma de torrente e desemboca na mesma praia (refírese a Portomaior) polo lugar de Agrelo, despois dun traxecto de 4 quilómetros...”⁴ En realidade este nome é dunha paraxe do seu derradeiro tramo que, segundo Eligio Rivas, este topónimo ven a valer por “*depresión, paraxe difícil de servir, a tras man*”. Dáse en lugares onde a caída do terreo é moi pronunciada.

Vemos referencias nas “Respuestas Generales” a este río, pola zona de Queimaño, como “...río de Foxonoval...”⁵. Como “río que chaman *Queimaño, un muiño*...”⁶ e no mesmo documento que son uns novos foros que o Mosteiro de Poio fixo a veciños de Cela: “... co río que ven de Foxo nobal chamado Porto carreiro...” ,

Curioso é que tamén aparece citado como Río Caudal: “*En Cela, Bartolomé Nobo, labrador de Santo Tomé de Piñeiro (Guimerans), vende ó Licenciado D. Antonio Villar e Calo, comisario do Santo Oficio a metade da herdade da Pereira (confina polo Norte co camiño a Paradela), mais un ferrado da veiga da costa, tamén en Cela, confinando co río Caudal. Prezo 86 ducados...*”⁷

Desemboca na praia de Agrelo xunto ó antigo Matadoiro, hoxe instalación municipal.

➤ DA BARCA (Cela):

Nace ó leste dos Tornos e descende entre o Outeiro e O Viso recibindo tamén os nomes de SOUTO e por último LOUREIRO praia na que morre canalizado.



¹ Geografía General del Reino de Galicia, de Álvarez Limeses (dirixe Carreras y Candi), 1936. Páx. 151

² Nas “Respuestas Generales” do Catastro do Marqués de la Ensenada, 1752.

³ Escribán Alexandro Antonio Cancela. 18-12-1751. AHP - Ca-3247 (3)

⁴ Geografía General del Reino de Galicia, de Álvarez Limeses (dirixe Carreras y Candi), 1936. Páx. 151.

⁵ Catastro do Marqués de la Ensenada, 1752. Páx. 355 e ss.

⁶ Escribán Alexandro Antonio Cancela. 18-12-1751. AHP - Ca-3247 (3)

⁷ Escribán Juan Fernandez Rodriguez. 5-4-1679. AHP - Ca-1638 (5)

RÍOS DE BUEU

➤ BISPO (Bueu)

O río Bispo é o resultado final da suma de múltiples regatos que á súa vez dan lugar ó Río o FRADE que nace nos Chans de Ermelo, o CANUDO (Meiro) e o PORTELA (entre Meiro e a Portela) para desembocar, hoxe oculto, na Banda DO Río (Bueu). Entre os regatos engadiríalle o que baixa pola subida ó noso centro escolar (primeiro mamiño á esquerda) que vindo desde os mananciais da Cavidá baixan pola Troca e polo Mieliño para hoxe desembocar caneado na Estacada (antigamente facíao polo Santán)

En “NOTAS sobre montes, ríos, valles...de la Provincia de Pontevedra” de J. Manuel Rodríguez de Cea, premio “Sociedad de Juegos Florales” de 1888 e editado pola Deputación en 1891, no capítulo “Ríos” da provincia di “... daremos unha idea dos máis importantes, deixando de mencionar aqueles que máis que ríos, correspóndelles o nome de regatos...”. Logo de nomealos e dar unha breve descrición dos mesmos por orden de importancia comezando por: Miño, Ulla, Umia, Lérez, ... chega ó número 15º e 16º, para a nosa sorpresa cos nomes de:

“Canudo.- Nace na parroquia de Santiago de Ermelo, concello de Bueu, e segue o seu curso en liña recta ata a praia do dito porto, por onde desemboca no mar.

Portela.- Recibe esta denominación porque no lugar do dito nome ten o seu nacemento; leva a mesma dirección que o anterior, co cal se xunta pouco antes da súa desembocadura.”

Tamén Álvarez Limeses o describe:

“...en Bueu o río BISPO, de 6 quilómetros de percorrido, que nace en Ermelo, pequeno lugar de fértiles veigas, e desemboca na praia de Bueu...”¹

Tramos dos seus afluentes reciben os nomes de Río da Jolbada: *“Hai unha depresión (na toponimia, jolbada, significa foxo, depresión) entre Meiro e Ermelo polo que baixa, na que o Río de Ermelo recibe este nome”².*

Tamén miramos referencias ós distintos tramos do río Bispo ou os distintos afluentes como:

“Río de tras Souto ou auga Leucida... na aldea da Graña e Trasouto.... máis abaixo... o río de Auga levada...”, logo sinala o “Río do Canudo”, “Río da Pedreira”, “Río da Costa”, (noutro lugar, e referíndose ó mesmo, “Río detrás souto chamado da Costiña”), “Río da Cavela”, “Río da Freixa”³.

Como Río do ABADE ó de Ermelo en *“Apeo de tomada e campo que se di dorrio davade e muíño do mesmo nome que enche Gonzalo Franco e consorte”⁴*

Como Río CAUDAL está referenciado moitas veces como por exemplo na Cesión de Esteban da Rosa, Domingo da Rosa e outros *“posuidores e levadores dun xornal de muíño*



¹ Obra citada en (1)

² Toponimia de Bueu. Emilia Estevez. Páx. 43

³ “Respuestas Generales” do Catastro do Marqués de la Ensenada, 1752. Páx. 350 e ss.

⁴ Francisco Malvido Varela. 2-12-1679. AHP - Ca-2491 (2)

que foi negreiro sito no Río Caudal da parroquia de S. Martín de Bueu” a D. Casimiro Pimentel Sotomayor e Juana de la Rúa, súa muller, posuidora da metade do dominio de dito muíño¹. Ou na “Venda de Domingo López a Pedro Pimentel, dun muíño negreiro no río Caudal (Trasouto). Enriba deste hai outro muíño albeiro, da mesma casa de Santa Cruz, e outro negreiro inferior que pertence á capelanía de Santo Reis.”²

BUEU.... ¡Te adoro!

.....

**Oculto encontré el río de mi Banda
frontera acuífera con “Allá delante”
escondido como el “Caño” de mis barcas
aquel lago para barquitos de infantes.**

.....

Manuel Gómez Torres, 1997³

José



➤ RÍO BOUZÓS (Ermelo)

O Río Bouzós nace en As Chan de Ermelo e logo de percorrer polo noso concello case un quilómetro sae, por Pedra da Edra, cara ás terras de Moaña para regar as veigas de Coiro e desembocar na praia de Rodeira (Cangas) non sen antes xuntarse co río Presas.


RÍOS DE BELUSO

➤ RÍO DE OURIL – SOUTELO –REGATO DAS TOMADAS-FIGUEIRÓN (Beluso)

Como Río SOUTELO “...e o Soutelo, única corrente fluvial digna de mención na parroquia de Beluso, que nace nos altos de Ouril e desauga na praia de Beluso, con igual percorrido que o anterior (os 4 km do Inferno)..”⁴

Como Río DE OURIL: “D. José Vermudez de Castro y Aldao, compra terras que lindan co camiño que vai a Bueu e co camiño polo que pasa o río de Ouril, por 9 ducado (3 ferrados), volvéndoos agora aquel a vender ó primitivo dono ó mesmo prezo”⁵.

Como Regato das TOMADAS: “Poder outorgado por María Rosa Avalor (viúva) e Francisco Domenech (os dous en Beluso) para preitear en querela civil contra José Roura (de Vigo) e Salvador Marti (Beluso) por perturbación das augas de rego que chegan da tomada que chaman do Agro de Soutelo e que forman o regato das Tomadas. Pois di que co consentimentos de S. Marti, Roura e todos aqueles 'factores' que administraron o Almacén que hai no indicado sitio eles hai máis de 40 anos veñen regando o campo do Prado de Figueirón. Din que os criados dos acusados ameazan con paos ós dos querelantes. Tamén alegan que aínda que para o rego da finca debían coller auga da Fonte de Figueirón esta é tan



¹ Escribán, Pascual de Juncal. 9-3-1800. AHP - Ca-1461 (2)

² Pascual de Juncal . 18-8-1811 . AHP - Ca-1462-B- (1)


³ O Candil n.12 na páx. 28. 1997

⁴ Opus cit., de Álvarez Limeses.

⁵ Juan Fernandez Rodriguez. AHP - Ca-1638 (1) 11-8-1675.

escasa que non lles chega”¹.

- Regato de SAR (Beluso): Recolle as augas que baixan de Sobalo. Pión, Laxe e Sar e desembocan na zona norte da Praia de Tuia. Citado como: *No lugar de Sar e sitio chamado “Pumar.... levante con río da Xeixeira”*.
- Regato do ABADE: Que recolle as augas que desde o manancial e fontes de A Rosa, e das veigas do Abade camiñan formando un rego que pasando pola Fontaiña, Sabusiños e Foxo van a desembocar na marxe oeste da praia de Tuia.
- Regato dos MUSCALLOS: Desde o Mte. de A Vela vai a desembocar nas rochas “Pozas de Sarabia”, preto da praia dos Muscallos.
- Regato de JARADELLAS: Verte as súas augas cara esquina norte da praia de Jaradellas (nome que recibe porque alí se atopou afogado un home con ese alcume). Como curiosidade pódese citar que na beiras superiores do inicio da cárcava que foi formando a auga do regato, os vellos chamábanlle “o cemiterio das vacas” pois cando a alguén lle morría unha vaca de enfermidade enterrábaa alí.



Canle do Jaradellas

- Regato de PESÓS: Nace nunha pequena valgada do lugar de Pesós, localizado ó norte da curva que fai a estrada antes de chegar á casa que o Sr. Massó ten en Lagos. Atravesa a estrada cançada e vai serpeando, pasando pola casa-finca que outros membros da familia Massó teñen no Palancal, lugar onde desemboca ó mar. Ó final deste regato, nas mesmas rochas do mar, tamén era utilizado para “lava-las tripas” na época da matanza.
- Río LIJO: É o río que desde a Costa de Covelo chega, logo de recoller varios regatos ata desembocar no sur da Praia de Areas de Bon. Ó longo do seu percorrido vai tomando os nomes dos lugares ou zonas por onde pasa, así recibe nomes Río Espadanal, Río do Bao, etc. O mesmo lle pasa ós regatos que lle serven de afluentes como o que lle ven de Bon de Abaixo que recibe nome como Río de Requeixo, Río de Porto, Río de Rubín, etc.

Citados estes últimos: *“No canaval de requeixo termos igualmente de Bon... polo fronte con río de porto, e polo levante con rego...”²*

Tamén *“sitio chamado manguela de dito lugar de Bon”*, do *“río rubín”³*

- Río MOURAZO: Nado no lugar de Refoxos e desemboca no norte da Praia de Areas de Bon. Tamén aparece citado na Liquidación e Partillas de Dona M^a Rosa Aballe (viúva de

¹ Escribán: Benito Antonio Garcia Guardado en Darbo . 1-8-1820 . AHP - Ca-1425 (7)

² Liquidación e partillas de Dona M^a Rosa Avalue (viúva de Pedro Plá, salgaheiro, ós seus fillos): AHP Sección Protocolos. Baiona, 1842

³ Liquidación e partillas de Dona M^a Rosa Avalue. AHP Sección Protocolos. Baiona, 1842



o, ós seus fillos) cando fala das fincas en Montemogós: “*En refoxos de abaixo... con río que pasa a mourazos...*”¹

RÍO DE NOCEDO (Beluso)

Como Río de CASTIÑEIRAS nace nos Montes de Castiñeiras e Borrallido. É o caudal de auga máis importante da vertente occidental do concello.

No Catastro do Marqués de la Ensenada, 1752 citase no Coto de Bon o “*...río de la Castiñeira o de Bon...*” e o nome de *Nocedo* dásele ós dous muíños negreiros de Don Domingo Piñeiro, veciño de Pontevedra.

Escritura de D. José Francisco de Gayoso y Aldao (Propietario da fortaleza e señor do Coto de Bon e Vilar), enumerando terras, por riba os seus territorios aforando a veciños de Bon: “*Nos montes dos Pousos, dosido, bessanoba (o lado da pedra do cabrón) castiñeiras, que confina co regato da auga da debesa do Rei*”. Tamén se refire ós ríos de *Castiñeira* e da *Fonte vella*.²


A desembocadura do Nocedo está ó pé da praia de Rebentón, logo de pasar por varios muíños entre os que cabe sinalar pola súa beleza ó de Abical.

¹ A. H. Provincial. Sección Protocolos. Baiona, 1842

² Coto de Bon e Villar. Juan Fernandez Rodriguez. 15-4-1675 . AHP - Ca-1638 (1)

D. YAÑEZ ÁLVAREZ DE SOUTOMAIOR AFORA, A FERNANDO DE LA RÚA E FREIRE, TÓDOLOS MONTES DO MORRAZO

"Dentro da casa e fortaleza de Soutomaior a vinte e seis do mes de setembro de mil seiscentos oitenta e nove por diante de min escribán e testemuñas pareceu presente a súa exc. Señor Yañez Álvarez de Soutomaior e Lima marques de Arcos e de Tenorio, conde de crecente señor das casas e fortalezas de Soutomaior e Fornelos e cotos de Thomeza e mar coas súas terras e xurisdiccións xentil home da cámara da súa maxestade residente ó presente en dita vila e digo que mediante o abaixo contido é _____ en utilidade e proveito xa testamentario das rendas da súa casa vinculo e morgado aforaba e aforo daba e deu neste foro ó licenciado Fernando de la Rúa Freire abade de San Martiño de Bueu e comisario do Santo Oficio de Inquisición deste reino para el e a persoa ou persoas que debe dilucidarse seus bens por vida de tres señores reis de España e vinte e nove anos máis comunicada a primeira na maxestade católica de don Carlos segundo moi señor natural que Deus garde e as outras dúas e tempo referido sucesivamente ata que se fenezan e acaben é a saber o que _____ lle afora _____ en dito foro todos montes das fábricas de sto. Tome de piñeiro, sta. m^a de Ardan, st^a m^a de Cela, s. Martiño de Moaña e da Madalena e de tódalas freguesías en terra de morrazo coas súas fontes e bebedoiros polos altos vaos de tódalas ditas fabricas para que dito abade poida cobrar, facer e recadar para si mesmo e para os que despois del descenderan durante as vidas de ditos tres señores reis vinte e nove anos máis, o (¿?quanto) de todo o que se labrase e collera nos montes de ditas freguesías segundo e da maneira que o cobrara e percibía o dito señor outórgante en cada un ano por si e seus mordomos no seu nome como dono de ditos montes que están sabisos e recoñecido polos seus propios ..."



DISTRIBUCIÓN DE FONTES – LAVADOIROS – CANOS DO CONCELLO DE BUEU

PARROQUIA DE STA. MARÍA DE BELUSO

O número de fontes, lagos e mananciais de Beluso, aínda que non significativa, é un pouco menor que as de Bueu e Cela (hai menos ríos e regatos).


Para mostra-las fontes, lavadoiros e mananciais relevantes tentaremos seguir un itinerario que partindo do cartel que anuncia Beluso na estrada de Bueu a Aldán nos vai a levar por case tódolos lugares desta parroquia. Aínda que aquí o itinerario sexa virtual, cun pouco de esforzo pódese facer a pé cunha duración aproximada de 3 a 4 horas (dependendo do ritmo e das paradas)

• Fonte-Lavadoiro de ACHADIZA

Lugar de A Achadiza

A uns 250 metros do cruce da Praia de Beluso, e a pouco de pasa-lo cartel indicador de que entramos nesta parroquia (na aba do outeiro do poboado

de San Telmo) atopámonos cunha fonte que recolle augas dun manancial próximo (a arqueta está a uns 8,5 m). Para acceder a ela, e polos recheos da estrada, hai que baixar uns pasos de escaleiras. A construción que se pode apreciar actualmente, con lavadoiro descuberto e fonte, ambas de pedra, datan de 1950 como figura nos arquivos municipais “construción dunha fonte no lugar de Soutelo ou Achadiza” polo canteiro Manuel Fontán por un importe de 6,76 €. Tamén consta o caudal da fonte que era de 6 litros/minuto.



• Lavadoiro de SOUTELO ou da PONTE

Lugar de Soutelo- Rúa Nova de Arriba

Logo de pasar os ramais que van ó barrio de S. Telmo (Achadiza) e ó da Ramorta pode observarse o lavadoiro á man esquerda case que debaixo da mesma curva-ponte da estrada de Bueu a Aldán. É un lavadoiro de pedra cuberto, hoxe de cemento. Accédese por unhas escaleiras desde a mesma estrada. Aínda que é usado por xentes das proximidades está bastante arrodeada pola vexetación que xa non permite ve-lo canle do regato de Ouril nin a parcela (máis de 100 m²) que lle pertence. O uso é público.



1930



1990



Na actualidade

Como se mostra nas fotografías sufriu ó longo dos anos unha grande transformación. A remodelación anterior á actual fora feita, escaleiras de baixada e cuberta a varias augas, en 1950 polo mestre canteiro Manuel Fontán Barreiro por pouco máis de 30 €.

• Cano de SOUTELO

A poucos metros da curva do lavadoiro da ponte hai unha escaleiras de subida a Soutelo. Mesmo ó pé destas, no lado dereito, hai un manancial que tiña un cano que servía como fonte. Hoxe está disimulada pola vexetación e máis ben parece unha poza de auga que caneada baixo a estrada vai a incrementa-lo caudal do regato das Tomadas.



• Fonte de BIRTACABAZOS

Coñecida tamén como SETECABAZOS ou Fonte da Rúa Nova de Abaixo. Atópámola uns cen metros das escaleiras a Soutelo, pouco despois de pasala curva que hai cara Beluso. Hai, na mesma beira esquerda da estrada, un pequeno carreiro que sube cara a fonte. Uns metros máis arriba atópase a arqueta da mina onde sae a auga á fonte.

Foi remodelada e feita en formigón, así como caneada as súas augas ata a estrada, no ano 1987 como figura na lenda.



Dúas vistas da mesma fonte
cuns anos de diferenza (1991-2002)



Lugar de Rúa Nova de Abaixo


• Fonte-Lavadoiro de A COSTA DE FIGUEIRÓN

A douscentos metros de Birtacabazos está o cruce, á dereita, que descende ó lugar de A Costa de Figueirón. Se baixamos por esa empinada costa na bifurcación que vai a unha banda ou outra da Praia de Beluso, tomamos á da esquerda que, pasando pola fonte-lavadoiro chega ó norte da praia e peirao.

Lugar Costa de Figueirón



Ó principio dos anos 90



Ano 2002

As augas da fonte e lavadoiro veñen dun manancial tipo “mina” que se pode apreciar pola porta que a pecha enriba do cano da fonte. O Lavadoiro está cuberto a unha auga.

Esta fonte da que se ten constancia desde moi antigo ten referentes curiosos dos que poñemos como exemplos:

- *“Situada dentro dos termos do Coto deBon e Villa, Freguesía de Sta. María de Beluso, denominada a tomada de Figueiro [...] e polo Poñente con Camiño que baixa á Enseada e Ribeira de Figueiro.”¹*

¹ Foro de 15-5-1799. Arquivo H. Provincial- Ca-1461 (2) do escribán Pascual de Juncal.

- *"Poder outorgado por María Rosa Aballe (viúva) e Francisco Domenech (os dous en Beluso) para preitear en querela civil contra Jose Roura (de Vigo) e Salvador Marti (Beluso) por perturbación das augas de rego que chegan da tomada que chaman do Agro de Soutelo e que fórman o regato das Tomadas. Pois di que co consentimentos de S. Marti, Roura e todos aqueles 'factores' que administraron o Almacén que hai no indicado sitio eles hai máis de 40 anos veñen regando o campo do Prado de Figueirón. Din que os criados dos acusados ameazan con paos ós dos querelantes. Tamén alegan que aínda que para o rego da finca debían coller auga da Fonte de Figueirón esta é tan escasa que non lles chega."*¹

No Regulamento das "Artes das Xávegas" : No de 1926 (que é o último) soamente se citan parte do articulado, baseado no de 1883, con algunhas variantes que se resaltan como:

- *"Art.º 7.º—É obrigación precisa que todo patrón para saír a largar, debe botar desde a lancha ou seca (entendéndose fora do alcance da ola) e no sitio de costume o chicote do cabo da cala[...] en Beluso, desde a fonte que baixa á praia ata o portal da horta de Eligio Prieto;"*

Sendo alcalde Manuel González Plá, iníciase a construción en 1877, cun custo de 6,2 € (ó xornal era de 0,01 €). E "Alí ían os mariñeiros... a coller auga".

Esta mesma fonte tamén foi coñecida coma **FONTE DO NABEIRO**

Nas mesmas Partillas de Rosa Aballe:

*"Fonte de Nabeiro: citase no lugar de "naveiro en ruanova de abaixo"*². O lugar onde estaría é por riba da fonte da Costa de Figueirón. Accederíase, a uns metros de deixa-la estrada xeral Bueu-Aldán e collela a que leva á praza de Cabalo, polo primeiro camiño que hai á man dereita.

● Fonte-Lavadoiro de LAGOEIRO

Baixando a Costa de Figueirón collemos a estrada que nos leva cara a Roiba e un pouco antes de chegar á baixada da praia, está sinalizado o camiño de Lagoeiro que sube cara o lugar de Cabalo. Atoparémonos cunha zona onde unhas pedras lavadoiros e outras verticais que saen de entre as herbas poñen ó descuberto o abandono do que foi unha fonte con lavadoiro anexo descuberto. Esta fonte e lavadoiro tiveron obras de melloras por parte do concello no mes de agosto de 1951 no que decidiran construír un metros máis abaixo do que estaba un lavadoiro de 6 prazas cambiando de lugar o lago para rego alí existente.

Lugar de O Cabalo



● Fonte de SARTAXÉNS

Aínda que se pode seguir a rota ata a estrada que baixa de O Cabalo a Beluso e logo acceder tomando o camiño da costa, aconsellamos dar a volta e pasar fronte o antigo Salgadoiro da Roiba para logo ir costeando por un camiño de pé, dentro da rota de sendeirismo P.R.-G53 que nos levará a praia de Tuia. No percorrido pasaremos ante unha grande Pena fendida que no seu cumio ten un pequeno mastro do que fora unha cruz conmemoración dunha "Santa Misión" de 1930. Pouco antes de chegar a enseada que conforma a praia de Sartaxéns atopamos a fonte ou manancial de auga que conforma un pequeno lago. O uso máis importante que tivo foi de servir de aprovisionamento auga para as embarcacións que traballaban ou pasaban pola zona.

Lugar de O Cabalo



¹ Escribán: Benito Antonio Garcia Guardado en Darbo. 1-8-1820 . AHP - Ca-1425 (7)

• Fonte-Lavadoiro de SAR

Lugar de Sar

Aínda que o modo máis normal de chegar é desde O Cabalo ou desde A Rosa, nós facémolo, seguindo o rota iniciada, desde de Sartaxéns. Desde a Praia de Tuia subimos polo camiño cara a Sar. Pasadas as primeiras casas vémosla indicación da Fonte de Sar (teremos que andar uns cen metros). A fonte que hoxe ten un cano metálico verte as augas caneadas ata o mesmo lavadoiro que é de pedra cunha cuberta de fibrocemento a dúas augas que se fixo polo 1955. Para leva-las augas do río traballou o canteiro José Bastón Martínez por 7,2 €.



Na toponimia “Sar” é un hidrónimo precéltico que ven a dicir “auga que flúe”.

• Cano do ABADE - SAR

Lugar de Sar

Ó Cano do Abade é un manancial de auga que se atopa entre Sar e A Rosa. Noutros tempos foi pertenza do abade de Beluso (de aí o seu nome) hoxe en día pertence á familia Roman e linda coas terras do curato. Pódese achegar a el o través das hortas da dita familia e tamén desde un camiño que parte preto da fonte de A Rosa. O cano orixinal vertía as augas sobre unha laxe, hoxe faino nun estanque que está tapado de forma provisional e reborda por un cano lateral. Ata non hai moito este estanque era usado polas xentes de A Rosa e do lugar para lava-las tripas na época da matanza.



De significar, pola súa beleza e feitizo é a “Cova ou buraco da Señora”. Está un metros máis arriba do Cano e consiste nunha pequena cova natural formada por grandes penedos nos que do seu seno mana abundante auga. Para o sueste destas pedras hai outro manancial. As augas van, dando unha curva polas veigas da Fontaiña, Sabusiños, etc. a desembocar ó oeste da praia de Tuia.



Cano do Abade



Detalle do interior da Cova da Señora

• Fonte-Lavadoiro de LAXES

Lugar de Sar

Se desde Sar tomamos a estrada que vai directamente a O Cabalo vemos, á beira da mesma, unha fonte de pedra de dous canos, cun fermoso lavadoiro, tamén de pedra, cuberto de tella. O estado de conservación, como pode observarse nas fotografías é bo.

De outubro de 1923 hai un expediente de construción da fonte e lavadoiro sendo asinado por Camilo Davila Davila. O canteiro que o construíu foi Manuel Fontán Barreiro cun custo de 2,7€.

No 1951 houbo unha remodelación e construción da cuberta do actual lavadoiro

Como lugar e fincas relacionadas con estas augas vémolos nun *FORO Convento de Sto. Domingo, de Pontevedra*¹:

“Prado (Sar) regadío, de 1/4 fdo. de cabina, de 1ª c.

Laxiñas regadío de 2 fdo. de cabida, de 2ª c. as leva Jóseph de Hermelo”.

Ten unha pequena parcela onde se xuntan as augas que veñen do Pión e as desta fonte para formar o regato, que neste punto se chama de Laxes e remata co nome de Sar.



• Fonte-Lavadoiro do PIÓN

Lugar de A Rúa Nova de Abaixo

Ó lado sur do lavadoiro de Laxes hai un camiño que nos pode levar ó comezo da Recta do Pión ou Peón, no lugar da Rúa Nova de Abaixo, onde a beira dereita da estrada (se imos cara Beluso), como escondido, pódese ver a estrutura do lavadoiro.



Lavadoiro e Fonte no 1990



Lavadoiro, fonte nova e vella



Estructura da cuberta

Un pío grande ou lago para o rego dálle nome á recta (aínda hai quen no atribúe, ó darlle o nome de Recta do Peón, como homónimo dos peóns camiñeiros que fixeron a estrada). Hoxe ten fonte e lavadoiro cuberto a dúas augas. O lugar onde estaba antigamente a fonte vese pola arboradura do frontal e pola sinal do cano pechado na man dereita da entrada ó recinto, foi arraxado no ano 1965.

No *Foro do Convento de Sto. Domingo, de Pontevedra*¹: *“Pión regadío 2 f. 2ª. c.”*

¹ Catastro Marques de la Ensenada, 1752

- **Fonte de SOBALO**

Saíndo de novo á Recta do Peón, uns cen metros cara Beluso, hai que tomar un carreiro cara Oeste (está sinalizado). O mesmo nome da fonte *Sobalo* fai referencia como topónimo ó *valo* ou “terraplén con cercado” no que estaría no seu momento. Hoxe está arrodeado por un pequeno muro de bloques o que lle dá un aspecto deplorable. O lavadoiro está soterrado.

Na “Liquidación e partexas” de Dona M^a Rosa Aballe, viúva de Pedro Plá, salgadeiro, ós seus fillos¹, nomea, 1842, o “*sitio de Sobalo en Ruanova de abaixo*”; e nos lindes da finca que valora “*polo poñente co río de Sovalo*”

Lugar de A Rúa Nova de Arriba



o

- **Lavadoiro de A VELA**



Lugar de Montemogos

Hai un camiño que desde Sobalo vai a estrada de A Rosa; chegada a esta o camiño de Sobreira, que sobe, lévanos directamente ó Lavadoiro de A Vela. Outra forma de chegar sería ir ata o final da recta do Peón e tomar pola estrada que vai a Igrexa, Udra,... logo de pasar a subida, sinalada, de Curraces hai un camiño que pasa polo lavadoiro (coincide co sinalado se viñéramos directamente de Sobalo). Ten unha soa pedra de “lavadoiro”. Está nun cruce de camiños onde a subida levaba a un antigo manancial-lavadoiro, “O Con”, privado e desaparecido entre as herbas. Seguimos, cara abaixo ata a A Rosa.

- **Fonte-Lavadoiro de A ROSA**

Lugar de A Rosa

Seguimos o camiño desde A Vela, cara a Igrexa parroquial St^a María de Beluso, nunha bancada da estrada atopamos a fonte con dous canos e preto dela o lavadoiro de pedra cuberto no ano 1950 cos cartos (20,4 €) da ‘Junta de Ayuda a Municipios’ (J.A.M).



¹ AHP Sección Protocolos. Baiona, 1842

- **Fonte de CHAN DE ESQUEIROS**

Fonte caneada posta polo concello para dar servizo ó Área recreativa de Chan de Esqueiros, entre a baixada a Mourisca e Ancoradoiro.

Lugar de A Rosa

- **FONTES DE MOURISCA**

Na mesma praia de Mourisca recentemente colocouse unha fonte de ferro forxado para dar servizo ós usuarios da praia. A Señora Rosa... confirmanos que aínda que a salgadeira emprazada no poniente da praia ten pozo, había tamén un cano ou fonte na chamada “Finca de Barreras” hoxe en día parcelada.




- **Cano de PEDRÓN**

Fonte-manancial que, sen canear no seu último tramo, verte as dúas augas na esquina oeste da praia de Pedrón. Na parte superior as súas augas están sendo utilizada pola vivenda que domina a praia. Pola súas augas podense ver con frecuencia a visita de lontras.

Lugar de Praia de Pedrón

- **Fonte da Bateria de CABO UDRA**

Temos que achegarnos case ata o final do Cabo Udra, no lugar onde estaban as antigas antigas instalacións da “Batería militar”. No cantil do lado nordés nas mesmas rochas, moi preto do mar, hai un pequeno manancial que serviu de fonte para mariñeiros e para a guarnición militar que houbo nesta zona de Udra tal como indica o plano..



- **Fonte de BARCELÓ**

Se seguimos o camiño que bordea toda Punta de Cabo Udra e, en vez de coller a subida que leva ó antigo campo de fútbol, continuamos o camiño que vai a rematar na zona recreativa preto de Ancoradoiro atopamos o manancial de Barceló tamén coñecido hoxe en día como “Bebedoiro dos cabalos”. Ten unha protección para rete-la auga para ese fin.






• Fonte de ANCORADOIRO

Na mesma pista que baixa á praia de Acoradoiro había unha fonte que nos seus tempos, a parte de aprovisionar de augas ás pequenas embarcacións que pescaban pola zona, serviu de fonte para o lavado e salmoirado da salgadeira que no 1847 montou a familia Agulla-Solabarrieta. Nos anos 80 foi trasladada máis abaixo, ata o seu emprazamento actual.

• Pozas-Lavadoiros de SARABIA

Se collemos o camiño de pé que pola costa sae da explanada de Acoradoiro lévanos ata a praia de Lagos; máis antes veremos un pequeno regato (a ámbolos dous lados formábanse unha especie de lagoas, agora case secas). Se seguimos o camiño que baixa cara ó mar, aínda que o regato desaparece na última veiga, atopamos que as súas augas gurgullan ó carón do muro que linda coas rochas do mar, que é onde se forman as pozas. A peculiaridade destas pozas era que a elas acudían as xentes de Beluso para lava-las roupas dos familiares cando estes morrían e así poder ser utilizadas, xa purificadas, polos seus familiares.



• Fontes da PRAIA DE LAGOS

Lugar de Montemogos

Volvemos ó camiño que nos leva a Lagos e tras baixar paralelo ó Regato de Jaradellas chegamos ata a zona norte da Praia de Lagos.

As actuacións de adecentamento recentes da Praia de Lagos deixounos unha bonita fonte de ferro forxado de dúas billas. Está no paseo de praia “Grande ou do Pozo”.

A outra fonte, hai anos estaba nunha cota baixa na marxe leste do camiño, hoxe estrada, que pasaba preto da praia pequena. Logo desprazouse cara o fronte, onde hoxe está localizada, para anchea-la estrada e para dar servizo á praia “pequena”.



• Fontes da FERRADA e de ARRIBA

Son dúas fontes, hoxe en día desaparecidas como tales, que estaban localizadas dentro da finca de “Massó” na subida de Lagos cara Beluso. Hai na parte noroeste da casa principal unha pequena fonte de ferro forxado con billa e recolleaugas.



• Manancial de BRAXÁS

Lugar de Montemogos

Para chegar a ela podemos subir polo camiño que desde a Praia do “Pozo” pasa entre dúas fincas privadas. Ó chegar ó ramal que desde a de Massó vai á esquerda cara á A Vela seguímolo uns dous douscentos metros ata atoparnos un penedo, á esquerda, que nos servirá de referencia para toma-lo camiño que está enfronte. A douscentos metros hai visible un camiño que denota a existencia de augas soterradas pola vexetación (xuncos,...) que nos levaría directamente ata o manancial, mais ó estar cheo de vexetación é preferible continuar ascendendo e dar un arrodeio polo camiño principal. Andados uns cen metros imos fixándonos á man esquerda ata divisar uns ameneiros e carballos ós que teremos que achegarnos atravesando unha tomada de fentos e eucaliptos.

A auga empozada sae baixo unha pedra ó pé dun corte vertical do terreo (na parte sur). Ata esta poza acudía moita xente por considerar as súas augas medicinais.

Nunha das paredes un enterrador de Beluso esculpiu o seu nome e ano (non moi claro):

ADOLFO CHA
193? PELA

Verte as súas augas cara esquina norte da praia de Lagos. Podemos segui-lo camiño cara arriba e imos dar a unha casa do lugar de Coumiñan (pasada a casa no chan hai unha das poucas pedras onde se xogaban ós bolos celtas) e de aí deixando, á dereita o cruce da Fonte das Ras seguiremos a Fonte Nova.



• Fonte das RANS

Hoxe en día desaparecida só queda na toponimia. Desapareceu como tal manancial; aínda que descoñecemos a causa exacta, veciños zona apuntan que fose por posibles desviacións ou captacións do acuífero ou mesmo polas construcións da zona.

Lugar de Montemogos



da

• Fonte-Lavadoiro de MONTEMOGOS (Fonte Nova)

Lugar de Montemogos

Vindo de Coumiñan cara a Rúa Nova pasamos polo lugar de “Fonte Nova” onde atopamos a fonte e un pouco máis abaixo, á dereita, o lavadoiro coñecido como “río do Mañufe” (lembrada era a copla de Manduca que dicía “... *el río Mañufe que no se escuse que va sonar...*”). O asentamento actual data de 1998, anteriormente como fonte de formigón, estaba no medio da costa que está a súa beira dereita. Ó longo do mes de setembro dese ano aparecen, repetidamente, referencias a dito traslado nos xornais *Faro de Vigo* e *Diario de Pontevedra*.

Xa en 1872 aparece citada nunha “*Obrigación hipotecaria sobre unha casa e terreo circundante no lugar de Montemogos, sitio de Fontenova, propiedade de Jose Ferradas a favor do seu irmán Manuel*”¹

¹ Escribán José Castro Miguez. 28-11-1872. AHP - Ca-3271



Fonte na actualidade



Fonte en 1990



Lavadoiro na actualidade


• Fonte-Lavadoiro de LAGO MANSIÑO

Lugar de Montemogos

Se de Fonte Nova collémo-lo camiño que nos leva á estrada que de Lagos ou Area de Bon sube á Rúa Nova, na mesma curva hai un cartel que nos indica a situación de Lago Mansiño. Baixando por un carreiro á Costa de Covelo, atopámonos, á beira dereita coa fonte que ten un cano con ramal, tamén de pedra, que leva auga ó lavadoiro que está a escasos metros.

Nun Memorial e relación dos bens da Igrexa de Sta María de Beluso de 1700 recóllense “*As herdades de Vilar [...] Juana da ... de lago mansiño, de dous ferrados pan á fabrica ela paga ó ano a esmola dunha misa pola ánima de Pedro de Hermelo que deixou os seus bens ós seus herdeiros...*”

A aldea de Lago Mansiño aparecía no nomenclátor de 1900 entre os lugares e aldeas de Beluso.



• Fonte-Lavadoiro de COVELO

Lugar de Covelo-Montemogos

Se baixamos Opor Lago Mansiño podemos continuar hacia a costa de Covelo e un pouco antes hai un camiño de pé que sube á esquerda. Tamén poderíamos baixar por un camiño empinado que baixa uns metros antes do que nos leva ó Lago Mansiño. É un pequeno cano e as súas augas enchen un lago de regar.



- **Fonte-Lavadoiro de COMEDEIRO**

Nada máis chegados ó final da costa de Covelo hai un cruce que vai para Bon, Vilar e Camiño de Covelo, tomamos este último que é a pista asfaltada que en costa sube á dereita e nos levará estrada de Beluso-Aldán. Continuamos por esta estrada ata atopar unha segunda pista de subida a Vilar de Arriba, lugar de Comedeiro. Tanto o lavadoiro como a fonte están, a dereita, a poucos metros de inicia-la subida. Tomamos un carreiro, aparentemente inexistente polas herbas (como pista temos o son da auga do regato). Non se mira nin o lavadoiro, hoxe en día, cheo de herbas e maleza nin o cano de plástico, que hoxe sae baixo as escaleiras dunha vivenda e que sinala o lugar onde se atopaba a antiga fonte.

Lugar de Comedeiro-Vilar de Arriba



- **Fonte-Lavadoiro de VILAR**

Para chegar desde temos que da-la volta, cruza-la estrada de Beluso-Aldán e baixar ata as últimas casas de Vilar de Abaixo. Á beira esquerda, mesmo onde atopamos unha casa con cruceiro está, nunha cota máis baixa, un pequeno lavadoiro e o cano da fonte. Ten pedra de pousadoiro e as augas sobrantes pódense almacenar nun lago de rega.

Lugar de Vilar



- **Lavadoiro de ESPADENAL**

Se quixeramos chegar ó lavadoiro de Espadrenal, hoxe inutilizado polo abandono pois queda illado no medio das veigas, teríamos ir polo camiño que desde a fonte de Vilar vai á costa de Covelo e tomar o primeiro camiño á esquerda.

Lugar de Vilar

- **Cano do CASAL**

Lugar de Casal-Bon de Abaixo

Desde a Fonte de Vilar retrocedemos un pouco tomando o camiño que segue recto cara Bon; ó final dunha pista de cemento hai unha casa cunha palmeira e o camiño bifúrcase, nós temos que tomar ó da esquerda (desbotando ó que baixa á dereita) que nos levará directamente ó lugar de Casal, onde, fronte a primeira casa cun muro de pedra, está o cano polo que reborda un pequeno manancial que sae dunha laxe.



• Fonte de REQUEIXO ou das LEIRAS

Lugar de Requeixo-Bon de Abaixo

A continuación do Cano do Casal, torcese, á dereita, por un camiño de pé que bordea unha viña. Non é doado de atopar se non se coñece ou se pregunta pois parece estar agochada tras un pequeno valo e unhas veigas. Hoxe en día parece estar case enterrada ó aumenta-la altura da terra que ten en fronte. As xentes do lugar din que o “cano quedaba ben para beber sen agacharse moito e o pousadoiro para o balde daba pola cintura”. É unha fonte afamada pola súa auga “moi boa”.



No mesmo Memorial e relación dos bens de Igrexa de Sta María de Beluso de 1700, anteriormente citada aparece “*Requeixo. De herdeiros de Juan de Cuna [...] Onde chaman a Fonte demourazo terra dun fdo. de pan pouco máis ou menos ... doureiro derrequeixo e das súas cuñadas que pega cos bens dos mesmos.*”¹



polo levante co rega...”

Nos rexistros parroquiais de Beluso atopámonos con “*Requixo de Bon ...*” (febreiro de 1753).

Tamén na “*Liquidación e partexas*” de Dna. M^a Rosa Aballe², xa mencionada, relaciónanse varias veigas do lugar de requeixo que pagan foro ó marques de Castelar, foral de Montenegro: “*No canaval de requeixo termos igualmente de Bon... polo fronte con río de porto, e*

• Fonte do MURO

Lugar de Requeixo-Bon de Abaixo

Seguindo o camiño principal, está a uns cen metros á man esquerda indo cara Bon. Porque tiña tódolos visos de parecerse a unha fonte, ata cun pequeno espacio para lavar, é polo que no inventario Municipal do 1991 estaba anotada como fonte “de pedra apegada a un muro”. En realidade son as augas residuais da fonte de Tomadelo. A estas augas desde Tomadelo chámanlle o “río da Vila”.



1991 ↑ 2002 →



¹ Arquivo Histórico Diocesano. Tombo 1253

² AHP Sección Protocolos. Baiona, 1842

• Fonte-Lavadoiro de TOMADELO

Continuamos polo camiño para colle-la primeira subida asfaltada que vai dar á estrada Bueu-Aldán. Antes de chegar ó cruce atoparemos á beira dereita a fonte con frontal de pedra, caneada, e con asento. O lavadoiro, nunha cota máis baixa, está cuberto a unha auga con fibrocemento.



Lugar de Bon de Abaixo

Nos rexistros parroquiais de Beluso atopámonos, xunto co sinalado de Requeixo pero como “Pumadelo de Bon ...” (febreiro de 1753).

• Fonte de ESQUEIRO DO BALO

Desde Tomadelo volvemos a baixar, cara Areas de Bon, para coller á primeira estrada que nos atopemos á esquerda que seguimos recto ata que, entre dúas casas, hai un estreito camiño, á dereita, que nos leva case que á mesma fonte.

Fonte en estado lamentable de descoido. Por esta-lo tubo de desaugue, que vai pola estrada, rompido; no tempo de chuvias empozase toda ata case dous metros co conseguinte perigo polo que o concello optou por pórllle unhas vallas de protección.

Do cano e da propia fonte non se aprecia, por estar soterrada, máis que a tapia e respiradoiro da mina (Foto de abaixo).

Lugar de Bon de Abaixo



Sen limpar. Maio de 2002



Desbrozado. Xuño de 2002

• Fonte-Lavadoiro das ALMUÍÑAS

Lugar de Bon de Abaixo


Desde Esqueiro do Balo, deixando á estrada que vai á praia, collémo-lo camiño que segue recto cara o sudoeste e o seguimos tomando sempre nos cruces o camiño da esquerda nos levará ata As Almuíñas. Teremos que ir atentos, pois unicamente darémonos conta da súa presenza por un pequeno lavadoiro que nunha veiga está á man dereita. Se baixamos poderemos ver a antiga fonte, hoxe en día cegada. As súas augas

Antiga Fonte



saen ó través do muro uns metros máis arriba e son aproveitadas para encher un pequeno “lago” particular ó que lle puxeron unha pedra de lavadoiro.

Saída...



Saída actual da auga



Lavadoiro

• Fonte de SANAMEDIO

Lugar de Bon de Arriba

Tal como indica o plano anterior a poucos metros da estrada xeral aparece esta fonte de pedra nunha cota máis baixa.

“A tradición popular indica que na vella fonte do santo, situada nas proximidades do lugar onde se supón a vella ermida, a auga tiña calidades medicinais con efectos principais nos males da barriga (lembramos que ao santo, durante o seu tormento nas brasas fóranlle extraídas as entrañas)”¹



Ano 1990

Tomado do tomo XVI «El Museo de Pontevedra» de 1962, transcribimos e traducimos o artigo de D. Joaquín Pimentel Gil, de 24 setembro de 1921: “LA ERMITA DE SAN NOMEIO (el San Mamede do Mar)”: «... a tradición de que a imaxe do Santo apareceu nunha fonte que hai no San Nomedio de Abaixo, como uns 125 metros desviada da fonte (do Santo), e baixando por penedos fun á fonte, que está entre casas daquel lugar, e vin que a ras da terra había un cano morto, de pedra, que revelaba moito tempo de uso, sobre o que se recompuxo o muro no que no seu cumio abriuse a fonte, en cañaría de ferro, recentemente repasada polo concello. Máis adiante, en distancia duns dez metros, e case pegada a unha daquelas casas dese lugar, hai unha cruz de pedra rudamente labrada, dun metro e pico de alto, cunha inscrición en caracteres latinos, que non puideron ler; está moi borrosa e destruída polo tempo; todo elo denota grandísima antigüidade. As xentes din que alí foi onde apareceu San Nomedio, e que a veciñanza, por relixiosa tradición conserva aquela cruz, aquí rezan, invocando ó santo.”...



Ano 2002

¹ “As Cantigas de Nuno Pérez e Joham de Cangas” de Xosé M. Cerviño Meira

• Fonte-Lavadoiro de NOCEDO

Lugar de Bon de Abaixo

Desde a fonte de Sanamedio retrocedemos á estrada xeral e camiñamos cara Aldán ata chegar un metros antes da á curva de Nocedo onde hai unhas escaleiras de baixada á fonte e lavadoiro que están na mesma curva.

O río de Nocedo, que ven de Castiñeiras e Borrallido baixa en busca do mar. Cae en cascada preto da fonte, por estar cegado o álveo do muíño lindeiro.

De xeito graduado, seguindo a topografía do lugar, temos primeiro a fonte que sae caneada en tubo de ferro vertendo as augas cara unha zona, noutro tempo rebaixada, que por dous canles feitos na pedra levaba esta ata o lavadoiro. Ó

lavadoiro de pedra a dúas bandas accedese logo de baixar tres chanzos; está cuberto con tellado de fibrocemento. O seu estado actual é lamentable polo aporte de lodos procedentes das riadas. Nunha

cota inferior ó lavadoiro as augas podían ser aproveitadas nun lago de rega.



• Fonte de FORQUEIROS

Se volvemos á estrada e na mesma curva subimos á esquerda ata o Centro de Infantil de Sanamedio. En fronte temos o lugar de Forqueiros (a entrada está máis arriba seguindo cara a Castiñeiras). Hai que ter en conta que é unha finca privada, da familia Massó.

A fonte actual é de mediados do século pasado. No frontal está inserido un escudo que pertencía ó priorado de Ermelo.

O cano pode observarse en detalle na fotografía. As augas desta fonte enchen un gran están que pode servir de piscina. No lado sur da finca hai un manancial máis pequeno que provén dunha mina.

O nome de Forqueiros viña no nomenclátor de 1900 entre os lugares e aldeas de Beluso.



- **Fonte-Lavadoiro do SANTO**

Á entrada do Adro da Capela de Sanamedio está a chamada Fonte do Santo. Para a súa descrición aproveitaremos o xa amentado artigo de D. Joaquín Pimentel Gil¹ que aquí traducimos: «*No San Nomedio de arriba, lindeiro co camiño, hai una planicie, con terreo unido formando aquela un adro onde están a Capela, Casa das Novenas ou Ofertas (Puxas) e a fonte; poboado todo elo con vellos castiñeiros, carballos e acacias de tres espiñas. Todo é obra do párroco que rexía a freguesía de Beluso no ano que di a inscrición que aparece no frontispicio da fonte (hoxe case que ilexible), á que hai que baixar por 7 u 8 chanzos:*

HIZOME D ALFATON - VALCARCE A SV COSTA

SIENDO ROR DESTA FLISA. AÑO DE 1728

Capela, casa e fonte, como o adro e terreo anexo, co seu valo, son da mesma época e mide uns 3 1/2 ferrados de sementeira, ou sexa unhas 16 áreas».

Como pode comprobarse pola segunda das fotografías tamén ten un lavadoiro, recentemente reformado, na leira do poñente do adro que recolle as augas sobrantas da fonte.

Lugar de O Sanamedio



- **Fonte da GRANXA**

A fonte da Granxa, localizada nunha propiedade privada na baixada de Sanamedio á Chan de Piñeiro, pode considerarse como desaparecida. A fotografía, de 1990, correspóndese ós restos do manancial xa alterados pola construción dos muros de contención e delimitación da finca.



- **Fonte-Lavadoiro de CABERTEÑA**

Para chegar desde o Adro de Sanamedio tomámo-lo camiño que hai xusto en fronte ó cruzar a estrada que vai a Castiñeiras en fronte. Subimos cara o monte seguindo o camiño ata que logo de pasar as últimas casas hai unha costa que nos leva cara a entrada dos viñedos de “Forqueiros”. Na curva máis alta temos que tomar un sendeiro á esquerda, pois o camiño de carro que pola Caberteña nos levaba a Chan de Piñeiro, está cegado pola maleza. Debemos ir achegándose cara o monte pois bastante escondida atópase a fonte e o lavadoiro.

Lugar de A Caberteña



¹ Tomo XVI «El Museo de Pontevedra» de 1962. Joaquín Pimentel Gil, de 24 setembro 1921:”LA ERMITA DE SAN NOMEDIO (el San Mamede do Mar)”

Hai constancia no concello que no 1930 Gaspar Massó García ofreceuse a realizar reformas na fonte de “*Cabritiña (Lugar de Vilar-Beluso)*” e para construír “*pola súa exclusiva conta un lavadoiro cuberto*”. O concello aceptou e existe certificación da realización da obra o 16-6-1931, pero como pode comprobarse non se cubriu.

O cano que leva a auga da mina ata o lavadoiro está esculpido na pedra tendo, no seu inicio un desvío para fonte.



• Fonte-Lavadoiro do PAZO DE OURIL

Se continuamos o camiño saímos en Chan de Piñeiro, preto do Pazo.

O Pazo, de propiedade privada, ten abundante auga de dous mananciais. O manancial de levante é o que enche un lago fondo que reverte para un lavadoiro que está pegado na



parede oeste; as súas augas tamén están canalizadas para uso da vivenda e para a fonte de ferro forxado que se atopa ó pé do frontal da casa. Hai unha falsa fonte con pío de pedra e cano que sae dunha máscara grega, serve para, decorar e recolle-las augas de filtración.



O manancial do sur, que se utiliza exclusivamente para regar, recibe as súas augas dunha grande mina; ata non hai moito tempo tiña un lago de pedra, hoxe anegado pola ampliación do estanque.

• Fonte-Lavadoiro de OURIL

Lugar de Ouril-Chan de Piñeiro

Polo camiño que, bordeando ó lado norte do pazo, vai a Stª Cruz está o magnífico conxunto que forman a fonte e o lavadoiro de Ouril. Chegado a unha porta lateral do pazo hai unha baixada entre árbores que lle fan paseo e lle dan intimidade. A fonte de dous canos esculpidos artisticamente na pedra para dar servizo ó



lavadoiro. Esta parcela pertencía no ano 1936 a Carmen de la Rúa Catani quen por unha cesión-expropiación pasou



a ser municipal. O concello fixo as primeiras reformas no ano 1940.

**OUTRAS FONTES DE BELUSO NON CITADAS NO PERCORRIDO ANTERIOR OU
NOMEADAS EN DOCUMENTOS, TOPONIMIA, ETC.**

• **FONTE DE AREA DE BON**

No lado norte do paseo cementado que bordea a praia, moi preto do piñeiral e da pequena área recreativa. A fonte, de ferro forxado, foi colocada para dar servizo aos usuarios desta fermosa praia. As augas son caneadas da traída. Posúe dúas billas de pulsar cos seus respectivos píos. É o mesmo modelo que a que vimos na Praia de O Pozo de Lagos.



• **CANO DA CUNCA**

Localizado na costa de Bon, nas mesmas pedras entre punta Preguntoiro e a Pedra que Bufa. Pódese ir desde a praia de Area de Bon todo polos penedos, bordeando as fincas cercadas. Co mesmo nome temos, na toponimia, a enseada entre as puntas mencionadas anteriormente.

• **FONTE DE MOURAZO**

Localizada preto de Refoxos onde nace o río, Mourazos, que verte as augas no poniente de Area de Bon.

Na xa citada relación e memorial dos bens que posúe a fábrica da igrexa se Sta. María de Beluso, no ano de 1700, aparece:

“Onde chaman a Fonte de Mourazo terra dun ferrado de pan pouco máis ou menos ... doureiro derrequeixo e as súas cuñadas que paga cos bens dos mesmos.”¹

Cremos que se trata do manancial ou lago que en Refoxos da lugar ó río de Mourazo.

• **FONTE DE PERALTA**

Houbo unha fonte e lavadoiro dunha antiga granxa de gando na zona entre as praias de Rebentón e Laguela. Pódese acceder desde un ramal, hoxe sinalado como rota de sendeirismo, que desde Bon de Abaixo vai cara Laguela. Outra rota sería polo camiño que baixa polo campo de fútbol de Aldán. Preto dela hai unha pedra que lle chaman “Pé de Mula”.

¹ Arquivo Histórico Diocesano. Tombo 1253.



- **FONTE-LAGO DA VARELA**

Se logo de ve-la fonte de Comediro volvemos á estrada xeral no seguinte ramal que sube cara Chan de Piñeiro, a uns 100 m atopábase a dita fonte con lago. Hoxe en día desaparecido por mor da construción dunhas vivendas.

- **FONTE FRÍA**

- Nas Partillas de Rosa Aballe: ...”*que se paga polo foral de Fontefría ó expriorado de Ermelo*”. (Fala dos lindes na valoración do circundado de Figueirón onde está a casa principal de M^a Rosa Aballe). Polas características semella ser a mesma de “Figueirón” (páx.20)

Tamén aparece nun foro do Convento de Sto. Domingo, de Pontevedra polo que se percibe: “46 f. pan e 7 trigo, 2 galiñas e 20 mrs. polo lugar de Piñeira e Fonte Fría, que lle paga Manuel de Cabo de Vila da Pena”¹.

¹ Catastro Marques de la Ensenada. 1752.

ILLA DE ONS

Agora damos un salto con aromas salgados ata as Illas de Ons e Onceta onde o ceo permite pequenas contribucións doces a un mar que as cerca. O paseo polas fontes e lavadoiros da illa merece a pena porque nos permite deleitar os sentidos co percorrido dun entorno que zumega esforzos de vidas que se curtiron no mar, duns cantís dominados pola gaivota e o corvo mariño e unhas praias de ouro branco que nos engaiolarán para sempre. Pereiro, Canexol, Caño, Cucorno, Melide,... serán excusas para achegarnos á beleza.

Do número de fontes e mananciais da Illa non hai datos documentados que as abarque de forma clara. As veces resulta difícil separar para o seu estudo o que desde sempre se lle denominou coma “fonte”, porque nalgún momento era aproveitada polos illeiros ou polos mariñeiros que se achegaban¹ á costa de Ons e hoxe están en desuso e se coñecen como “manacial de cantil” das “fontes” que foron xermoma de núcleo de poboación e que máis tarde, case que todas, foron complementadas con lavadoiros .

Aquí destacaremos as que consideramos máis importantes ou significativas no momento actual. Comezaremos pola vertente sudoeste da illa...

• Fonte de CANIVELIÑAS:

Localízase na parte oeste da illa, no borde dunha fenda da Enseada de Caniveliñas. Podemos achegarnos polo camiño que sube desde Curro ata o Buraco do Infernos mostrándonos os cantís de fora.

Fonte antiga hoxe con depósito e motor para desde aquí, a parte de sobordar a auga por un cano, ser bombeada ata o alto de Chan da Pólvora e dar servizo ao camping que alí hai (baños, duchas e fontes). A estrutura actual foi feita polo Servizo de Medio Ambiente Natural nos anos 90.



¹ “Para beber, el agua se recogía en toneles pequeños en las fuentes inmediatas a las postas en que se trabajaba. Entre ellas estaban las de Xestosa y Porta do cura en Ons, Beluso, Mourisca y Udra”. Reconocer Bueu. Jose M^a Estevez. 1996. Páx. 157

- **Fonte-lavadoiro de PEREIRÓ:**

No sur da illa, lugar de Pereiró, á esquerda de onde se inicia a subida ao Campo de Tráballo.

As súas augas son aproveitadas para lavadoiro e “lago” de rega. O lavadoiro e fonte cubríuna, nos anos 1960, o mestre canteiro Manuel Mendez Casas.



- **Fonte-lavadoiro de CANEXOL:**

Localizado á esquerda do camiño que do lugar de Canexol sube ata a igrexa vella e cemiterio.

Documentalmente podemos atopar no Arquivo do concello de Bueu¹ á seguinte referencia desta fonte-lavadoiro:



O 25-4-1945 o médico Salvador Massó escribe unha carta ó alcalde dicindo que no lugar de Canesol, na illa de Ons personouse na fonte “debido ó mal estado no que estaba, non reune as mínimas condicións hixiénicas necesarias para o consumo humano, xa que a auga en vez de discorrer por un canle, súmese no terreo antes de chegar á fonte, vendose obrigados os veciños a recollela nunha charca formada no chan...”

O 9-6-1945 entra no rexistro do concello unha carta das máis altas instancias da intendencia militar pola que confirma o mal estado da fonte de Canexol (unha das de menor caudal das 5 existentes nese momento na illa) e que xa estaba así cando o Exército mercou a illa polo que mentres no comezaran as obras de fortificación di que sexan os veciños os que fagan unha “pequena obra de mampostería en seco revestida de topes...” e que senón collan auga das fontes máis próximas: as de Pereiró, a 500 m, ou a do Caño a 300 m.”

A consecuencia de todo isto anos despois aprobouse pola J.A.M e Instituciones “unha fonte, pía e lavadoiro de 5 prazas” cun custo de 15,02 € . O lavadoiro, ao igual que a de Pereiró, cubríuna nos anos 1960 o mestre canteiro Manuel Mendez Casas.

¹ Carpeta de Ons – C-664

- **Fonte-lavadoiro de CANO:**

Na estrada que desde Curro vai ao faro, logo de pasar as últimas casas do lugar de O Cano atopamos a fonte (que da nome ao lugar).



A uns metros está o lavadoiro. Referencias de “rio” ou lavadoiro de Cano xa o temos de 1930. Pero será na documentación do concello onde se especifica que no 1962 “na cuberta de O Cano (para 8 persoas) traballou o mestre canteiro Manuel Mendez Casas”.

- **Fonte-lavadoiro de CUCORNO:**

Se continuamos camiño do faro, e antes de chegar a este, no lugar de Cucorno está senalizado á man dereita a baixada cara ao lavadoiro. Como se pode mirar nas fotografías as augas hoxe sae dun deposito caneada para a fonte e para o lavadoiro.



- **Fonte do FARO:**

O faro de Ons comezou a alumear por primeira vez a tarde do 15 de abril de 1865. Neste primeiro faro non había pozo de auga pois nas modificacións finais ao proxecto de inxenheiro “Elduayen que foron realizada polo inxenheiro xefe de Pontevedra Ángel Garcia del Hoyo contemplouse un cobertizo anexo para depósito de combustible e forno, así como un alxibe”¹.




Ao facelo novo faro (1926) non se modificou a forma de obter auga ata, xa non hai moitos anos que se fixo o actual pozo e se puxo na entrada ao mesmo a fonte de bombeo.

- **Depósito-lavadoiro de Entenza e Fonte de CURRO:**

A mediados dos anos 60 o Instituto Nacional de Colonización Ons aproveitou as augas do manancial de maior caudal da illa facendo un grande depósito no lugar de Entenza. Con esta auga dábase servizo ao lugar de Curro onde se estaban a facer as novas escolas, casas de mestres, etc. conxunto que se coñecía coma Centro Cívico.

A poucos metros do depósito construíuse un lavadoiro con seis prazas. Para acceder a el podemos ir polo camiño que sube polo actual Bar “O que faltaba”. A se mesmo caneouse a auga ata unha fonte con tres canos (hoxe un) que posúe dúas pías grandes para bebelo gando e unha pequena central (como pode apreciarse na foto). Esta fonte está as costas da igrexa nova, no camiño que de Curro vai a Melide.



-

¹ *Faros de Galicia*. De Jesus Angel Sánchez García. Caixa Galicia. 2004. Páx. 478

- **Fonte do CASTELO:**

Polo camiño que de Curro vai ao Castelo, atopamos á beira dereita, ben sinalado, a Fonte do Castelo. No mesmo lugar hai unhas mesas de madeira cos seus correspondentes asentos a modo de pequena área de descanso á sombra das árbores.

No ano 1962 estaba previsto construír unha fonte e un lavadoiro¹.

Hoxe en día o que ven a ser a fonte é a reborda da auga recollese nun depósito de cemento que é ata onde chega canalizada; feito polo Servizo de Medio Ambiente Natural nos anos 90. O sobrante forma un pequeno lago de rega.



Dicir que non é difícil atopar nos lavadoiros e pozas animais acuáticos coma os tritóns ibéricos.



- **Fonte da PRAIA DAS DORNAS:**

Fonte que se fixo nos anos 80 para dar servizo aos turistas que se achegan ata a praia Das Dornas. As augas lle chegan caneadas desde a fonte do Castelo.



- **Fonte de Gaiteiro:**

Este manancial atópase na parte exterior da Illa, entre a Enseada de Estripeiral e a Punta de Fonte Nova, fronte o pequeno illote do Gaiteiro. O seu acondicionamento actual realizouno o Servizo de Medio Ambiente Natural nos anos 90. Como moitas fontes e mananciais tamén ten a súa lenda:

*“David Otero, de 60 anos, viu unha raiña peiteándose na fonte do Gaiteiro; cobríase cunha capa de prata, tiña na testa unha coroa de brillantes e o peite relucíalle como se fose de vidro”.*¹

¹ Carpeta de Ons Arquivo Concello de Bueu C-235

- **Fonte de IGNACIO:**

No cantil en Punta de Ignacio, preto da praia de Melide. Consta dun depósito de cemento do que sae un cano de ferro. Este depósito, que mandou facer o Servizo de Medio Ambiente Natural nos anos 90, aproveitando a auga que rezumaba nunha mina próxima. Servía para bombear auga a unhas casetas con vateres e duchas que daban servizo á numerosa poboación que se achegaba, e mesmo acampaba, nesta fermosa praia.



¹ Alvaro das Casas. "A illa de Ons" na revista NOS nº 131-132. Ano 1934. Páx. 174.

- **Fonte-lavadoiro de CENTULO**

Enriba do extremo norrte da praia de Melide. Preto da última casa, hoxe de Medio Ambiente, que hai antes de chegar ao Centulo. O lavadoiro de catro prazas xa foi previsto construílo no 1930.

Pode que sexa o que se coñece nalgunha documentación coma “Fonte de VINAZO” que a localizaba “preto da praia de Melide e que tivo lavadoiro”.

OUTRAS FONTES DE ONS NON CITADAS NO PERCORRIDO ANTERIOR OU NOMEADAS EN DOCUMENTOS, TOPONIMIA, ETC. E NON LOCALIZADAS COMO TALES

- **Na toponimia:**

A.- Na Illa de Ons:

- PUNTA DO RÍO: Está ao sur de Punta Ignacio (moi cerca desta Punta).
- PRAIA DE FONTIÑAS: Está na parte de atrás do Faro da illa, entre Punta Estripeiral e Punta de REGUEIRO.
- PUNTA DE FONTE NOVA: Localízase no lado norte da Illa. Para achegarnos a ela poderíamos desde a praia de Melide cruzar o Alto da Cerrada e baixar ata o mar deste cantil que é onde se atopa.
- PRAIA DE FONTIÑAS: Está na parte de atrás do Faro da illa, entre Punta Estripeiral e Punta de Regueiro.

B.- Na Illa de Onza:

- PUNTA DA FONTE: Situada no Noroeste da illa. Chamado ese lugar así por haber un pequeno manancial preto dela.
- Na Praia Porta do Sol, hai unha pequena furna que rezouma auga doce. Hoxe bebedeiro de gaivotas máis noutros tempos serviu para apaga-la sede de mariñeiros.

- **Na documentación**

- José M^a Estévez¹ recolle un apunte do Cabido da catedral de Santiago onde se nomea a FONTE DOS INGLESES. Cremos que se corresponde coa de Canexol.

1812.—Ene. 14. Decía Santiago: «En este cabildo dieron cuenta los señores Dean y Magistral del resultado de sus operaciones quanto a la visita de las islas de Ons y Onza, y permisión de cultivo a los accionistas que quisiesen establecerse en ellas, manifestando su dictamen acerca de las condiciones con que se debía hacer el foro o foros que se reducen a la reserva de terreno para edificar, desde el regato que forma el agua de la **Fuente de los Ingleses**, hasta el pozo que está pegado al castillo de enmedio, llamado de Santiago, y desde la mar tirando al Poniente hasta el principio de la Cuesta donde concluye la línea de población trazada por el ingeniero Cossio...»

- As xa citadas anteriormente² coma fontes próximas ás “postas da pesca da xábega”:
 - a de **Xestosa**: localizada preto de Punta Xestosa, un pouco máis ao norte do Castelo.
 - a **Porta do cura**: probablemente eran as augas sobrantes de O Cano que saían á Praia Area dos Cans, fronte a laxe do Crego.

¹ JOSE M^a ESTEVEZ. *Reconocer Bueu*. 1996. Páx. 93

² JOSE M^a ESTEVEZ. *Ibid.*, páx. 157

PARROQUIA DE S. MARTÍN DE BUEU

Aquí iniciamos practicamente unha relación das fontes e lavadoiros das parroquias de Bueu e logo Cela. A prema de tempo fai que sexa así:



Antes

- **Fonte do CANO**

Lugar: Rúa Alexandre Bóveda

Na subida á estrada da Igrexa. Recentemente, a raíz de facer un edificio o seu carón, foi restaurada.



Agora

- **Fonte-Lavadoiro da BANDA DO RÍO**

Lugar: Rúa Alexandre Bóveda

Á beira da estrada A. Bóveda, nunha cota máis baixa, facendo esquina coa ruela que vai dar á rúa Rosalía de Castro.

Case o día de Fin de ano do 1908 o concello acordou encargarlle ó arquitecto vigués Jacobo Estens executa-las obras ó longo do 1909 cun presuposto de 10,18 €.

No será ata 1926, sendo alcalde Camilo Davila Davila, cando comeza a súa primeira remodelación.

En 1930 o alcalde Domínguez Cabanillas ordena os veciños a limpeza do álveo que leva auga ó lavadoiro da Banda do Río.



A construción do Lavadoiro cuberto para 20 prazas non sería ata 1954 cun custo de 91,88 €.

No Faro de Vigo do 21 de febreiro de 1965 podemos ler: *“A primeiras horas da madrugada, gran «marusía» que levou a area ata as casas da Banda do Río, socavando a cimentación do muro de contención, derribando a parte Oeste do muro, polo que as casas derrubáronse na zona limítrofe coa praia. A area taponou os*

desaugadoiros dos regatos que verten na praia, producindo a inundación da zona que comprende a casa de José Ríos Cestay, lavadoiro e fonte, da que só víase algo do adorno da cima...”

- Fontes ó longo da MONTERO RÍOS

Lugar: Rúa Montero Ríos




Xardíns M^a Eugenia



Antiga Fonte da Vereda (Praza de Abastos)



Fonte das Mariñas



Paseo Montero Ríos - Pescadoira

• Fontes de SOLABARRIETA e de ABELARDO GIL

Lugar: Rúa Montero Ríos

Tomamos estas fontes, pese o seu estado deplorable, como exemplo das que hai nas vivendas que ó longo da praia de Bueu e Beluso tiveron salgadeira.

“A auga resulta un elemento fundamental no exercicio da salazón. Por unha banda porque resulta necesaria para a realización da salmoira; pola outra, porque era empregada na limpeza do peixe, unha vez que era extraído da chanca.

Das distintas salazóns das que aínda é doado atopar algunha pegada da súa existencia, sempre aparece o manancial, aínda que en distintas formas: mina, fonte ou pozo. Só as máis recentes salazóns escaparían a esta norma.

A necesidade da auga era tal que é posible recompilar os conflitos existentes entre o propietario dunha salazón e os veciños desta, sendo a causa dos mesmos o dereito de uso da auga dunha pequena fonte da que se abastecían tanto uns coma outros”.¹



Xustamente fronte á capela vella de Pescadoira, a familia Agulla Salabarieta desenrolou unha actividade salazoneira digna de ter en conta en canto o volume de capital empresarial acumulado nos anos que esta permaneceu baixo a súa xestión. Na actualidade o edificio referido ten sufrido profundas modificacións, desvirtuándose a súa estrutura orixinaria (carece de píos e parte do lousado empregado no prensado) aínda que conserva o espazo físico e tellado da prensa, dúas vivendas (a principal e a dos caseiros, cun patín interior cada unha delas) así como a necesaria fonte de manancial.

← A escasos 70 m atopamos a casa-salgadeira que foi de Salvador Gil Montell. Esta salgadeira era de fusos colgantes que herdou o seu neto Abelardo Gil “o Mouro”. O edificio tiña casacador e autorización de secadeiro de redes. Desta salgadeira, hoxe dividida, só se conserva a parte correspondente as prensas e parte da chanca. Nunha das partes, que están separada por un muro atopamos, mellor conservada que a anterior o pilón e fonte.

• Fonte de PESCADOIRA

Lugar: Rúa Montero Ríos – Pescadoira

Localizada á man dereita logo de baixa-la rampla que desde Montero Ríos leva á praia de Petís. Practicamente é un cano que sae do muro.

Hai constancia escrita que xa no 1899 houbo, a cargo do concello, un arranxo do “muro-rampla na fonte de Pescadoira, ó lado da fábrica de Tapias, para facilita-lo paso dos coches de cabalos cara Marín”.



¹ “A Industria da Pesca Salgada. Os portos de Bueu e Beluso”. Cerviño, Aldegunde e Cidras. Páx. 58 Consellería de Pesca (Esgotado)

Fonte da BARRIADA DE PESCADORES



Lugar: Rúa Pazos Fontenla

A súa localización é ó final das casas, na zona sur, preto do cruceiro.
É como case tódalas urbanas caneada do abastecemento xeral de augas.
Instalada nada máis rematar de construír as vivendas sociais para servizo destas.

- Fonte dos GALOS e Fonte da MARGARITA

Lugar: Rúa Ramal dos Galos-Ramón Bares



Xa no setembro de 1912 principiase a construción de beirarrúas na rúa Príncipe (Hoxe Eduardo Vincenti), así como a arqueta en Galos para levar a auga á Praia (onde se localiza a actual Praza de Abastos). Fíxose aproveitando «a fonte da Cangueira» (na esquina, tiña que baixarse uns chanzos, de Canibelos e E. Vincenti).

“Claudio Agulla Portela comerciante-taberneiro en Galos; era de Bueu, casado con Antonia Lemos despois con Teresa, irmán, de Cangas, e logo con Francisca Suárez. Era típica a súa pequena taberna, nun baixo no que había que agacharse para entrar, xunto á fonte onde hoxe está arqueta que embalsaba auga para a praia. Alí paraba a xente que regresaba do mercado (Meiro e Portela) e a que volvía de misa primeira os días festivos, para tomar un «colito» de priorado. Para todos era familiar el Sr «Claudio da cangueira»”¹.

A fonte De Margarita, pois así se chamaba unha señora que vivía na pequena calello que desde fronte a Casa de Cultura sube á estrada Bueu-Pontevedra. Nesa localización estivo antes de pasar a formar parte das instalacións do antigo mercado no lugar que ocupa a Casa de Cultura e parque.

¹ Conocer Bueu. José M^a Estévez. Diputación Provincial.

- **Fonte-Lavadoiro do Cura**

Lugar: Rúa Ramón Bares

Con toda probabilidade a fonte estaba na mesma horta do cura, quizais onde se atopa hoxe o lavadoiro (O cano da antiga fonte pódese observar no burato do muro).

Como pode comprobarse pola fotografía que segue a pedra que conforma esta fonte estaba posta antigamente na Praia de Bueu, no lugar onde máis tarde se porían a Praza de Abastos e antigas Lonxas.



- **Lavadoiros do Mercado (o de Rodríguez e o de García Parada)**

Lugar: Bueu

Localizados na parte de abaixo da esplanada, que logo foi mercado de gando, entre as rúas Eduardo Vincenti, Pazos Fontenla e Montero Ríos. Poden observarse os dous na foto pequena e o seu equivalente ampliado o chamado de Rodríguez.



- **Fonte de O VALADO**

Lugar: O Valado – Camiño do Pomar



Pódese acceder indo polo camiño do Pomar baixando desde a estrada que vai a Castiñeiras, cara a Casa Rural “Videira”. Tamén subindo polo camiño que desde a estrada da igrexa vai á “Videira”.

- **Fonte do ENLEITO**

Lugar: Enleito-Cachopeira-Ramorta

Tamén se coñece como Fonte da *Cachopeira*.

Topónimo existente en Resille-Cela preto da fonte de Nogueira e en Chans (como Campo das Cachopas). No ano 1952 tramítase por parte do concello a condución de auga e construción da fonte de “CACHOPEIRA” no Valado.



- **Fonte de RABOLONGO**

Lugar: O Valado



“Notas municipais: Acordouse realizar por medio de concerto as obras de reparación da fonte de Rabolongo do lugar do Valado”.

(EL Pueblo Gallego- 6 agosto- 1930. Páx.7)

- **Fonte-Lavadoiro dos MACACOS**

Lugar: Pazo de Castrelo

Emprazado no Pazo de Castrelo foi reconstruída recentemente polo seu actual propietario a semellanza da que houbo en tempos dos De La Cueva. Nas proximidades hai varios mananciais de auga, algún deles con “lago de rega”.



- **Fonte dos SANTOS REIS**

Fonte que está preto de capela dos Stos. Reis. Foi desprazada do seu asentamento orixinal ó face-la estrada a Castiñeiras. No cumio do frontal está aínda o oco dunha cruz que a coroaba.

No concello existe un proxecto de obras por reforma no ano 1941.

Como pode observarse na fotografía está próxima a un peto, antigo velorio dos Sto. Reis que ó desaparecer a antiga capela primitiva, quedou como única testemuña este peto que era obxecto de culto. A ofrenda facíase con foguetes.

Lugar: O Valado – Capela dos Stos. Reis



- **Fonte de NECORIÑA**

→ Lugar: Ramorta

No camiño que do Enleito vai cara Santa Cruz atopámonos unha baixada á man dereita. na que hai unhas ecaleiras franqueadas por muros de bloques que debuxando un “L” nos leva ata a fonte. Hoxe en día somentes se aprecia o frontal de pedra da antiga fonte.

- **Fonte de RAMORTA DE ABAIXO**

Lugar: Ramorta - Estrada á A Achadiza

Atopamos esta fonte á man dereita na estrada que vai desde O Valado á Barriada Chadiza pasando pola Ramorta.

O bico da fonte antiga situada nunha máis baixa da actual estrada. Aínda se aprecia o grande bico da antiga fonte na parte inferior. Na parte superior a este atópase outro máis moderno con forma de pousadoiro cun rego en forma de “L” que as auga nunha cuncha pétreo de vieira. a mina está pechada por unha porta de ferro con cadeado.



da

zona

verte
Hoxe

- **Fonte da PEREGUISA**

Lugar: Ramorta

Atópase esta pequena fonte no camiño que da Remorta vai cara á Carrasqueira. No mesmo inicio deste atopamos o cano de ferro desta antiga fonte. Como se verá ao longo deste traballo hai, alomenos, tres fontes con este mesmo nome.

•



- **Fonte do PAZO DE ST^a CRUZ**

Lugar: Carrasqueira- Pazo de Sta. Cruz

No interior do Pazo de Santa Cruz. Desde a entrada principal do pazo hai que cruzar por diante da casa principal cara o sur.

Como pode observar na fotografía a mina, con porta de madeira, ten un frontal de pedra cunha cornisa rematada por dúas pedras rematadas en punta que flanquean a un San Xosé cun neno en brazos.

O bico de pedra cilíndrico cun tubo metálico encastrado.



- **Fonte-Lavadoiro da VILA**

Lugar: Carrasqueira

Fonte que se localiza nunha desviación

á dereita polo camiño da estrada que une O Valado coa estrada de Beluso e a Achadiza. En outubro en 1992 aparece citada no Diario de Pontevedra "A Fonte da Vila, atópase nun pésimo estado". (Inclúe fotografía da fonte).



A auga ven dunha mina e tamén está caneada para o lavadoiro.

- **Fonte de SAN MARTIÑO**

Lugar: Carrasqueira

Fonte que se pode chegar seguindo polo camiño que pasa pola Fonte da Vila ou desde o camiño que á man esquerda hai pouco antes de remata-la costa que logo baixa á A Achadiza.

FORTE DE SAN MARTIÑO

Fonte de San Martiño, agachada entre carrizas e fentos, aló no bosque misterioso, canto tirades de min na ausencia lonxe.

Nin porco nin ovella
vou a inmolar, oh fonte.
Somentes eu a fronte
de mirto cubrirei,
e cando Fontanalia
se veña, do parleiro
raudal, avintureiro,
o verbo escanciarei.

"Poemas-canciones y oraciones" de Xosé Carlos O'Framinor



- **Fonte-Lavadoiro de MIELIÑO ou SOUTELO**

Lugar: Soutelo

Noutras documentación denomínase Amieliño.

A fonte ten unha reforma ou reparación no ano 1926 xa aquí se solicita lavadoiro. No 1927 o constrúe Manuel Fontán Barreiro.

A remodelación do lavadoiro cuberto faino, en 1953, José Palmeiro.



- **Fonte de LAGOEIRO**

Lugar: a Cividadá



Localizada á man dereita na subida á Cividade, nunha cota máis baixa da estrada (xunto á tenda).

Con cano e frontal de pedra.

Pola zona norte a onde se atopa a fonte hai datos orais que indica que había terras lagoentas desde a que partían moitos regueiros de auga.

- **Fonte-Lavadoiro da A CIVIDÁ**

Lugar: A Cividadá

No ano 1924 entra no rexistro do concello unha solicitude de Juan Avilleira para que se arraxe o lavadoiro e a fonte. No frontal de pedra hai unha lenda que di “Año de 1929). O lavadoiro e grande, de pedra e está penosamente cuberto de cemento.



- **Fonte-Lavadoiro RÍO NOVO**

Lugar: Trasouto- Muíños

Están á beira da Ponte de Trasouto, camiño dos muíños do Canudo. A localización actual é relativamente recente. Nunha das columnas aínda está o que nos anos 1950 era preceptivo por cos fondos de axuda ós municipios, o xugo e frechas coas letras “J.A.M”.



- **Fonte da RELA**

Lugar: Trasouto

Para chegar á fonte que se atopa agochada preto do río Canudo é mellor baixar polo camiño (frente o que ven da Graña) que antes da curva de Trasouto vai cara os muíños de abaixo. Se collémo-lo primeiro carreiro que atopamos a esquerda baixamos cara o muíño. Nada máis pasar pola porta do muíño, está a uns 50 m. Está bastante agochado.



- **Fonte da CEREIXEIRA**

Lugar: Camiño do Torrexero-A Graña

Onde está situada hoxe non é a da primitiva fonte xa que este era por riba da estrada xeral na mesma zona.



- **Fonte da GRAÑA**

Lugar: A Graña

Franqueado por muros no frontal e laterais. No do lado dereito hai un banco de pedra con zona que ben puidera servir de pousadoiro.

-

- **Fonte-Lavadoiro da BARCA**

Lugar: Avda. Da Barca (interior)

Localízase no lugar de A Barca – Barreiros. Accédese con facilidade por estar a poucos metros da estrada xeral Bueu-Cangas.


Xa en 1912, Modesta de la Rúa Barreiro, presenta unha instancia solicitando se aclarase os deslindes cunha finca da súa propiedade pois así evitaríanse no futuro prexuízos como os que nese ano lle produzo á reconstrucción do lavadoiro que recolle augas da dita fonte.

Na documentación da fábrica da freguesía de San Martiño de Bueu:

“1/4 Fonte de Barca 3, a c. Bartholomé Outeiro 3 pan. Paga de FORO por todas estas terras a D. Joseph la Rúa 6 fs. mediado e 12 de trigo”

A Barca como topónimo tamén se atopa no linde sueste de Ermelo a Moaña.

A construción do lavadoiro actual data de 1920.



- **Fonte das MEÁNS e CANO DAS MEÁNS**

Lugar: As Meáns

Accédese por Loureiro (na mesma curva unha estrada moi empinada) e por unha pista, sinalada, fronte mesmo da primeira baixada o porto de Bueu na zona de Pescadoira. O Cano recolle augas dos mananciais do Redondo e Arrodeadas.



- **Fonte da PEREQUISA**

Lugar: O Norte

Esta é unha das fontes, xunto coa de “Regenjo” en Cela que ó longo da súa existencia tivo máis traslados e conseguintes preitos. Lémbrese non hai moitos anos coa última reforma. O primeiro do que temos constancia data de 1924 no que houbo unha denuncia de Benito González Santos contra Manuel Estevez por danos na fonte que como resultado final no houbo esixencias de responsabilidade ó denunciado.

En 1945 dátase un traslado e mellora da fonte (Trasladárona 50 metros máis abaixo).

En Cela (na curva de Freande), na Ramorta e en Ermelo tamén hai o topónimo Pereguisa que ven a ser fonte que vota pouca auga: “preguiceira”.



- **Fonte de ARRODEADAS**

Lugar: O Outeiro

Está collendo polo camiño, á esquerda, da curva pronunciada da costa do Outeiro.

Ó ir polo camiño, uns cen metros esta nunha zona que hai que baixar por un carreiro uns metros.



- **Fonte do REDONDO**



Lugar: O Outeiro

Esta polas veigas de abaixo das Arrodeadas. Pódese acceder a el polo camiño que baixa ás Meáns ou polas casa que están na man esquerda da curva. É curioso ver que ten a pedra con lintel como se nalgún momento tivera porta.

Nun preito do Mosteiro de San Xoán de Poio co cura da Freguesía de San Martiño de Bueu, Bacharel D. José Benito Gutiérrez sobre demanda de bens pertencentes ó priorado de Ermelo. Comeza: «Manuel ... do Real Mosteiro de San Xoán de Poio e o R. P. Prior de Ermelo ... 5 xaneiro 1797. Poder do cura a varios para representalo na demanda. Inténtase despojar dos terreos nomeados dos de Lamisido e Redondo propios. Décimo a Deus do Divino dominio do Igrexario

parroquial miña parte, ós colonos, etc.».

Na Paradela-Cela tamén existe o topónimo “Campos de Redondos”.

- **Fonte de XEXIDE:**

Lugar: Xexide

Indo cara a Meiro a uns metros a esquerda do antigo depósito de auga do Outeiro atopámonos ó camiño que sube cara o monte. A uns 200 metros (un pouco máis arriba da última casa) atopamos esta preciosa fonte-lavadoiro.

Na parte alta do muro atopamos a fonte con cano de pedra e pousadoiro á dereita da mesma. As augas verten nun pío que reborda a modo de fonte nun cano de pedra alongado que a súa



vez enche unha pía grande que servía para bebelo gando e a que lle puxeron dúas pedras inclinadas para que servira coma lavaoiro.

- **FONTE DOS TORNOS:**

Lugar: Monte de Xexide

Se seguimos cara arriba polo camiño que pasa pola fonte de Xexide, a uns 500 m hai un cruce que colle cara Meiro. Estaba na beira esquerda deste camiño.

Emilia Estevez sitúaa: “polo monte de Xexide (ó leste de Cabanouro) e seguindo en dirección a Ermelo por riba da estrada (antiga “brea romana”). A fonte como tal hoxe non existe máis un pouco abaixo da súa antiga localización atópase un lago de regar, co seu mesmo nome, que se nutre das augas do manancial dos Tornos”.



Lenda:

“Cando na media noite de San Xoán íase á Fonte dos Tornos e collíase a flor do fento aparecíase unha fermosa moza co pelo louro”.

- **Fonte de ABILLEIRA**



Lugar: Carrasqueira

Ao final da rúa Pazos Fontenla, no medio da costa que sube a Beluso, hai á man dereita un camiño (hoxe asfaltado) que vai cara á Carrasqueira. No mesmo inicio deste atopamos o cano de ferro desta antiga fonte.

- **Lavadoiro de LOUREIRO**

Lugar: Loureiro

Lavadoiro actualmente cuberto de cemento a unha auga. Aproveita as augas do regato Barca, que baixan de Souto, para morrer na praia de Loureiro. Para acceder a este lavadoiro, hoxe en día oculto por edificios, hai camiño de coche e camiño de pé.



- **Lavadoiro do TORREXEIRO**

Lugar: O Valado



Para achegarse a el pódese ir polo camiño que do Valado vai cara A Graña. Aproveita as augas do río Bispo. A cuberta e lavadoiro do Torrexero foi construída no ano 1950 por 33,06 €.

- **Lavadoiro de PORTAS**

Lugar: Outeiro-Portas

Na baixada que da cruz do Outeiro hai cara a Barraca. Está a continuación da horta onde se atopa o cruceiro de Portas. Como pode observarse na fotografía está cuberto, con cemento, e pechado de ladrillos pola beira norte. O pío está cuberto de lama e vexetación.



- **Lavadoiro do AMIRIRAS**

Con data inicial de 10-9-1949 hai un expediente de Permuta (se fai cargo dos custos o Sr. Massó) de terreos (2 ½ varas) para o “traslado e mellora” do lavadoiro de Amiriras (noutros lugar “Amieiras”) o que supón o rectificación do “*regato do Bispo*”. O lavadoiro vello tiña unha anchura de 9,5 m e estaba situado, máis ou menos, por onde se entra á estacada fonte á rúa Johan Carballeira.

O emprazamento actual é na rúa Pazos Fontenla, preto do Colexio da Milagrosa. O custo da obra foi de 5,78 € e o mestre canteiro Manuel Fontán. Reformouse en 1951 e a última é do ano 2003.

Lugar: Rúa Pazos Fontenla



- **Fontes de Aldao**

Lugar: A Graña

Estas preciosas fontes foron feitas por Manuel Aldao Portas. Están localizadas na finca da casa que ten a súa filla Esperanza Aldao Curra e o marido desta, Agustín Abal Faria, teñen na costa que desde o lugar de Soutelo sube á Graña.



- **Fonte do OUTEIRO**

Lugar: O Outeiro



No alto do Outeiro, nun camiño, a man dereita, pouco antes do cruce que vai a Cabreira e a Meiro.

Con cano, frontal e laterais de pedra Con asentos que tamén serven de pousadoiro. Na documentación da fábrica da parroquia de Bueu: *“Arcediago de Sn. Les. Dignidade na Igrexa de Santiago: Bens Temporais.—Dn. Benito Freyre, Presb.º, veciño de Cela. 9 v.º: 1 pza. de 2 f. regadío en Fonte (Outeiro). 1 pza. 2 1/2 a viña Fontiña (Outeiro) 2ª c., cercada.*

- **Fonte de ABRILLE**

Pódese acceder subindo pola costa que cara o monte hai fronte ó parque da Barraca e no primeiro cruce coller á dereita ou por un camiño que sube preto das primeiras casas de A Brille-O Viso.

Lugar: A Brille-O Viso



- **Fonte dos CABALOS**



Lugar: Castrillón-Trasouto

Emprazado no Castrillón á beira da estrada. Ten unha cunca grande que servía de abeberar os animais, sobre todo os burros e cabalos utilizados como medio de transporte.

- **Fonte da CANEXA**

Lugar: A Portela- Camiño da Devesa



Baixando polo camiño da Devesa.

- **Cano das LAXIÑAS**

Lugar: A Portela




Se collémolo camiño que baixo a ponte da Portela vai cara o val a uns 200 m a esquerda atopámonos cun gurgullón de auga que sae debaixo da mesma pedra.

- **Fonte de LAXIÑAS**

Lugar: A Portela-Camiño Vello

No camiño de Meiro a San Cosme.

No Catastro do Marqués de la Ensenada, 1752 aparece citada unha fonte dos LAXIÑOS localizada no Outeiro (descoñecemos se é a mesma).



- **Lavadoiro RÍO DA PORTELA**

Lugar: A Portela



No cruce de A Portela a Meiro. Ten inscrito o ano 1957.

- **Fonte do FOXO**

Está a un 250 m río arriba do lavadoiro de O Río da Portela. Outra forma de chegar a el é ir polo primeiro camiño, a dereita, que hai a uns 100 m da subida da estrada xeral a Meiro.

Como pode comprobarse ten un frontal esculpido, na parte superior unha especie de copa e mesmo enriba do cano uns corazóns invertidos enfrontados en altorrelevo.

Foi arraxada polo concello en 1951.



Lugar: Meiro

- **Fonte-Lavadoiro de OUTEIRO**



Lugar: Outeiro-Meiro

Na curva de Meiro. En 1757 citase á Confraría «das Ánimas» con estes bens. En decembro de 1803, o cura de Bueu afora a veciños de Meiro, entre outras, “... terra labradío sita no Prado Deira da dita fonte de Outeiro do referido Lugar de Meiro...”

- **Fonte de QUINTÁNS**

Lugar: Meiro

Mesmo na subida que de San Antonio vai para o cruce da Casela e Outeiro. Hai que baixar chanzos. Ten pousadoiro.



- **Fonte do Campo de MEIRO**

Lugar: Meiro

Localizadas no mesmo recinto que para ás festas e actuacións se fixo baixo á Casa da Aldea de Meiro. No son verdadeiras fontes (Unha é caneada e outra de desaugadoiro).



- **Fonte-Lavadoiro da LAJARTEIRA**

A casa que está case pegado, hoxe en día restaurada, pertenceu ó escribán Benito de Aris. No fronte ten unha inscrición.



Lugar: Meiro-Vilariño



En 1952 cóbrese o lavadoiro (de 20 prazas)

- **Fonte da CREJA ou da COSTA**

Para acceder a ela podemos subir pola costa que do Outeiro vai a Vilariño ou pola estrada que indo para Ermelo desvíase á esquerda a Vilariño e ó pasar o lago de Martises coller a costa cara baixo (esta última rota é máis descansada).

No fronte ten unha inscrición, ó igual que a da Lajarteira, como a seguinte.

Ten un pouco máis abaixo un lago de pedra.



Lugar: Na costa de Meiro a Vilariño

- **Fonte do REGUEIRIÑO**

Lugar: de Meiro á Casela

Pasado ó cruce de Quintáns, cara a Casela subir polo camiño á dereita. Este cano está mesmo nun muro de recente construción.



- **Fonte da Casela**

Lugar: A Casela

Antes da curva (á dereita) que ó final da baixada que hai ó vir de Meiro, logo de pasar ó Regueiriño, cara á Casela.



**ALGUNHAS FONTES OU LAGOS DE BUEU NOMEADAS EN DOCUMENTOS
OU QUE ESTÁN NA TOPONIMIA PERO QUE AS DESCOÑECEMOS ONDE SE
LOCALIZAN CON CERTEZA**

- **LAJOS DOS LOMBEIROS:**

Zona localizada no lugar de Soutelo. Por esta zona hai bastantes minas de auga algunha delas estaban canalizadas para dar auga á Fábrica de Massó.

- **FONTEPORFÍN:**

“Dun terreo no lugar de Meiro, sitio de SERRAS, con hipoteca doutro en Ermelo, no sitio de FONTEPORFIN. De Matilde Bernardez González a Joaquin Piñeiro Iglesias.”¹

- **FONTE SEGUNDA:**

“Obrigación hipotecaria sobre as fincas seguintes: Terreo de labradio nomeado FONTE SEGUNDA; labradio-regadio nomeado PRADEIRA; labradio-regadio nomeado INGIDO; labradio-regadio nomeado PREGA; sitas todas no lugar da Portela de María Fernández Graña a favor de Antonio Pérez Rúa.”²

- **FONTE DE LIBOREIRO:**

Nos lindes citados historicamente co concello de Cangas, o correspondente ó Marco 8.—Pedra soterrada, rectangular, mide uns 70 cm. largo, 20 de ancho e 60 de altura. Na cara oeste hai a inscrición coto de Aldao. Atópase en monte comunal e xunto a un manancial chamado «*Fonte de Liboreiro*». A liña linde recoñecida entre este marco e o anterior, é a recta que os une.

- **FONTE DE TOURIÑO:**

Nun preito, en 1797, do Mosteiro de San Xoán de Poio co cura da Freguesía de San Martiño de Bueu o prior cita lindes en Ermelo e Meiro: indica unha pena nomeada «das abesadas» sinalada por unha cruz (na Esculca?); outro linde: Pedra mollada; outro, carballo Ancas; outro, A *Fonte de Touriño*; outro, Trasouto; outro, «Piedra grande en María Neta».

- **LAGOA ou AUGA DE LUME:**

Na documentación da fábrica da freguesía de San Martiño de Bueu:

Pza. de 7 f. regadío Lagoa de lume a ten Francisco Agulla, 66 rs. anuais.
1 1/2 Auga de lume 2 a c. Alberta Martínez 7 1/2 pan.

¹ Escribán. Jose Castro Miguez. 13-12-1872. AHP - Ca-3271

² Escribán. Jose Castro Miguez. 23-11-1872. AHP - Ca-3271

PARROQUIA DE Sta. MARÍA DE CELA

Para rematar esta rota salpicada de auga e son farémolo na parroquia de Cela onde a Fonte de Queimaño en Antepazo, que recostada sobre un penedo, nos da de beber unha “auga moi boa”. Se baixamos do Beloso cara Cela a fonte do Redusio sorprenderanos cos tres caños que dan fe da vitalidade que mana no lugar.

Se quixeramos atopar as fontes máis escondidas e de canto máis solitario teríamos que subir polo camiño que desde A Barraca nos levan á fonte de Abrille e de Coteleiro.

De achegarnos ós muíños onde os grans de millo comezaban a mata-la fame fariámo-lo na fonte do Habano ou na do Tombo, lugares onde os sons do río da Pena se amplifican co cantar da auga que salta dos seus bicos.

Para o descanso podemos elixir un ramallo delas pero unha recomendable é a de Nogueira no Cruce de Sabarigo a Resille.

• Fonte de QUEIMAÑO

“Novo Foro que fixo o R. Mosteiro de San Juan de Poio a Benito Camarada (cabzaleiro do lugar de Camarada en Cela) e a outros. (Xa estaba aforado, es de o ano 1546 ante o notario de Pontevedra JUAN GARCÍA, e viñan pagando anualmente ó Priorado (de Ermelo) 60 ferrados de pan medeado, 8 ferrados de trigo, 22 reais de ‘marrana’, 1 real de ser... e a Luctuosa pola morte do cabzaleiro...Tamén fala dun ‘Mas en Río que chaman Queimaño un muíño corrente e moente o que antes posuíu Mathias Estevez...’¹

Lugar: Antepazo



• Fonte-Lavadoiro da MORQUEIRA

No lugar de Antepazo, ó sueste do Beloso. Case ó final recta despois da curva do Beloso cara a Cela, un pouco máis adiante da subida á fonte Victoria hai un camiño á esquerda que se o baixamos un 50 m e seguimos polo sendeiro da esquerda atopamos o Lavadoiro e pegada no seu extremo sur esta fonte. A auga sae dunha mina ó pé do cano. Feito? Por Agustin Duran.

“... lugar da Morqueira...”¹


Lugar: Antepazo



¹ Escribán: Alexandro Antonio Cancela. 18-12-1752. AHP - Ca-3247 (3)

- **Fonte VICTORIA**

Lugar: Beloso



Case ó final recta despois da curva do Beloso cara a Cela hai un camiño á dereita. Ó pé dunha das casas atopamos a pequena fonte. Pódese apreciar ó lado esquerdo o cegado caño vello así como parte dunha inscrición ou lenda indescifrable.

- **Fonte SAN MARTIÑO**

Lugar: A Cabreira de O Viso ó Beloso



Na aba da curva que cara a Cela hai o pasa-lo parque da Barraca. Fronte a un parque recreativo hai que baixar un polo camiño uns douscentos metros.

Foro de 1802 que se vende sobre una finca do cura: O mesmo párroco sobre una finca en Viso composta por “*un ... de viña e a de Veiga da Fonte de San Martín, que se compón de 5 fs. pan...*”

- **Fonte do COTELEIRO**

Lugar: A Cabreira



Subindo polo camiño que cara o monte sae fronte ó parque da Barraca para arriba ó chegar a un primeiro cruce de camiños tomar o da esquerda (o da dereita vai á fonte de A Brille) e seguir subindo ata que se aparece un segundo cruce de camiños retroceder uns 50 metros e cruzar as veigas, pola beira dunha ringleira de castiñeiros.

- **Fonte-Lavadoiro do REDUSIO**

Lugar: Beloso



Posúe tres canos e unha lenda que di “AÑO 1926”



- **Fonte da GÁNDARA**

Lugar: A Gándara- Acceso ó Torrón



Á beira da estreita estrada que desde o Torrón sube cara á Barraca.

- **Fonte SOUTO-REMEDIOS**

Lugar: O Souto



No Souto, do Torrón a Pousada. A primeira vez que a vemos citada é no citado foro do Mosteiro de Poio no escribán A. Antonio Cancela: "... onde o camiño da Cabreira á fonte do Souto..."

- **Fonte ÁREA DO RÍO**

Lugar: O Río



- **Fonte das CARREIRAS**

Lugar: Cruce de A Torre ás Castiñáns



No cruce de A Torre ás Castiñáns á beira da estrada xeral (Fronte á panadería de Cela).

- **Lavadoiro do SOUTO**

Lugar: O Souto



Lavadoiro cunha superficie de 17 m² con cuberta de fibrocemento. En mal estado. Pola esquerda entrando pasa un regato de auga.

- **Fonte-Lavadoiro de FONTENOVA**

Lugar: O Río-Fontenova



- **Fonte do RÍO ou MEIXIDE**

Lugar: O Río



- **Lavadoiro de O RÍO**

Lugar: O Río



- **Fonte VELLA DO PINDO**


Lugar: Igrexario-Cruce á Pena



Mesmo ó colle-la subida do Igrexario á Pena, como se ve está o cano nun estado lamentable, case soterrado por cascotes e pedras dun muro. Caneada ata igrexa.

- **Fonte NOVA DO PINDO**


Lugar: Igrexario-Cruce á Pena



Na beira da estrada pouco antes de colle-lo cruce que de O Río vai á Pena e Chans. A uns metros á dereita da marquesiña do autobús.

- **Fonte de A PENA**

Lugar: A Pena



No lugar da Pena onde é máis chan (está o núcleo maior de casas) se continuamos cara A Paradela uns 75 m hai un pequeno carreiro á esquerda que nos baixa á fonte. A fonte ten un cano de pedra que sae dunha mina e verte as augas nunha pía de pedra que podía servir, máis que bebedeiro para o gando (polo estreito e perigo do camiño) si para coller auga co caldeiro e levala ás cortes do lugar.

- **Fonte da PARADELA OU CACHOPAS**



Lugar: Paradela

No lugar da Paradela, xunto ó cruce de Moaña. Hoxe limpa, reformada e cambiada de lugar (máis desviada do camiño, que era onde estaba emprazada. Na freguesía de Cela, na veiga das "Bousiñas" faise a seguinte escritura " Domingo Freire, carpinteiro, labrador e María Freire muller de Benito Freire (todos de Cela), levantan testemuña sobre a presa de auga que, vindo da fonte das Cachopas, pasa pola propiedade das Busiñas, sendo de rego"¹. (A fonte do Enleito tamén se chama así).

- **Cano-Fonte de CHANS**

Lugar: Chans

Cando chegamos ó campo de Chans e tomamos o camiño que vai cara o leste case sempre hai auga que gurgulla no medio deste. No verán ou en época de seca a auga vai polo soterrado e non aparece.

Un pouco antes de chegar ó cano, á man dereita estaba o que se coñecía como "Mar de Chans".

- **Fonte CHANS DOS MOGOS**

Lugar: Chans

Localizada na beira sur da Miranguella-Chans
Lenda ou conto:

‘Os propios de Cela e os de Ardan andaban con problemas pola propiedade da fonte de Chans. Acordaron acabar co problema poñendo un barril con auga (xa que a fonte estaba soterrada) e deixar que correra a auga e se ía para Cela era destes e no caso contrario pertencía a Ardán. No logrouse facela proba pois un borracho rachoulle o barril pola noite’’².

- **Fonte-Lavadoiro de LAVANDEIRA**



Lugar: Entre a Costiña e a Serva



Subindo cara á Serva, á man dereita, nunha cota baixa está a fonte. O lavadoiro está máis arriba. Curioso deste é que a auga xurde tamén do mesmo interior do piñón. No ano 1951 o cura D. José Portela pide en nome dos veciños de Rial, Murráns, Serva, Barral e Costiña pide que se reforme, arranxe e modifique o que xa había de 3 m de longo (Hoxe ten 6 m).

¹ Escribán: Juan Fernandez Rodriguez.20-8-1678. AHP - Ca-1638 (4)

² Conta Manolo Omil (1998)

- **Fonte do IGREXARIO**

Lugar: Igrexario

Xunto a de Campos no Igrexario. Caneada desde o Pindo.



- **Lavadoiro de AGOUZOS**

Lugar: Agouzos

Hoxe en día cuberto pola vexetación está localizado a un cento de metros da curva e ponte dos Agouzos por onde baixa o río da Pena. A curva, que é moi pronunciada, está antes ó pasar de Murráns e antes de chegar ás curvas próximas do cemiterio vello. Para acceder ó lavadoiro hai que tomar o camiño que sube pola marxe dereita do río. Cunhas dimensións de 8 x 6,5 m, ten un corredor de 0,6 m pola banda contrario ó río. O mestre canteiro que o fixo foi Manuel Santos Iglesias.

- **Fonte-Lavadoiro FONTE ALTA**

Lugar: Fonte Alta



Lenda: ANO 1919 AN... Data do ano 1916?. Ten lavadoiro. Hoxe en días a fonte está uns 10 metros máis o norte da situación orixinal, traslado que se fixo no ano 1930. As xentes do lugar din que as súas augas son quentes no inverno e frías no verán (cousa que ocorre en tódalas fontes, pola sensación, pero aquí vese máis a diferenza por ser a auga máis fría).

- **Fonte-Lavadoiro CASTRELO**

Lugar: Fonte Alta-Castrolo



Non é unha fonte que teña manancial no lugar senón que por necesidades do grupo de casas do lugar onde está situada foi caneada desde a zona do “Lagoeiro” no ano 1976. Xa no 1969 se falaba da necesidade dunha fonte no lugar de Castrolo (hoxe fonte Alta de Abaixo) e dun lavadoiro cun custo de 18 €.

- **Fonte de FONTIÑAS**

Lugar: Amieiro-Sabarigo



A contrata de obras da fonte data no concello do ano 1940 para unha reforma polo seu estao ruinoso. O pío de pedra, segundo Alejandro Cobas, foi traída dunha casa próxima. Antigamente había tres regatos que se uniron nun so na mesma fonte. A auga, que se ve caneada por dentro do cano da fonte, sae a gurgullóns.

- **Fonte de POMBAL ou MEICIDES**

A xente di “Pambal” que así denominan as veigas que chegan en tira ata o río de Pousada.

No camiño que de Pousada corta a curva de Freande cara o Igrexario. A fonte actual foi restaurada ó arranxa-lo camiño. A auga sae a gurgullóns. Con moita probabilidade o nome provén do pombal que puido existir no circundado do Maiorázgo da Casa Torre de Freande que alá polo século XVI fundara o escudeiro Leonardo Gil de Barragáns.

Tamén se coñecía como Meicides ou Barral. No arquivo do concello de Bueu figura como Fonte do Barral nun arranxo que se fixo en 1942 a petición de Benito del Río.

- **Cano de CANAVIDO**

Lugar: Canavido-Castrelo

Tamén se coñece como Cano da Viña Grande. Para chega a el pódese ir por un carreiro que da estrada de Sabarigo vai a Tinxeberzas, ou mellor polo carreiro que hai ó comeza-la recta de Canavido.

Está no medio dunhas veigas.

- **Fonte de QUINTÁNS**

Lugar: Fonte Alta



Particular. Seguindo polo camiño dereito desde a fonte de “Castrelo”

Lugar: Castrelo-Pousada



Hai quen lle chama Fonte da Pereguisa confundíndoa co cano que hai moito tempo houvea á esquerda do camiño que da curva de Freande vai para Castrelo. Aínda hai unha toma de auga e uns lagos.



- **Fonte-Lavadoiro de TINXEBERZAS**

Lugar: Sabarigo



Data do primeiro tercio do século vinte. A esquerda (parte de abaixo) na recta da estrada que de Fonte Alta pasa por Sabarigo antes do cruce que vai a Amieiro ou Sabarigo e Resille. Ten Pousadoiro e lavadoiro (como pode comprobarse polas fotografías non é utilizado desde hai moito tempo). Ás augas desta fonte acudían tódolos veciños da zona e de Fonte Alta de Abaixo (zona que hai anos se coñecía como Castrelo) antes de que se lle fixera o caneo da actual fonte. Preto do lugar hai unha casa que ten unha mina de auga (particular) que se chama, polo lugar, de Orxá.

- **Fonte das ALBAS ou QUINTAS**

Lugar: Crabón



Para chega a el hai que ir polo camiño norte do Crabón e ó chegar ó remate deste hai un camiño estreito de baixada, se o seguimos ata onde hai unhas maceiras atoparémola fonte con pousadoiro e o lavadoiro. Pódese ir por un camiño que da estrada xeral vai a Castrelo? Data de 1884. Castrelo (debaixo de Tinxeberzas) Ten un lavadoiro de pedra, hoxe inutilizado, pois o aumentou en altura cuns muros de ladrillos para o seu uso como lago de regar .

- **Fonte FANEQUEIRA**



- **Lavadoiro do REGUEIRO**

Lugar: Sabarigo



Baixando pola costa de Sabarigo e pasado o cruce que vai ó Outeiro atopámonos co lavadoiro de O Regueiro que aproveita as augas que veñen de a Amieiro, Fontiñas,... Na mesma beira, uns metros máis abaixo, hai unha longa subida con escalas de pedra, hoxe en día arraxadas, que nos levan á fonte da Fanequeira. O topónimo Fanequeira atópase tamén ó norte do Outeiral de Meiro.

- **Fonte-Lavadoiro da NOGUEIRA**

Lugar: Cruce de Sabarigo a Resille - Ponte



No mesmo cruce de Sabarigo a Resille . Posúe pousadoiro así como un caño paralelo para recoller as augas do rego que vai dar ó extremo sur da praia de Lapamán Na parte superior da estrada hai un pequeno parque ou área de descanso. Aínda que agora non hai no lugar unha nogueira non se descarta que a houbera de aí o topónimo que tamén se ve reflectido no alcume dunha familia do lugar “Os de Nogueira...”

En 1965 o canteiro Didio Lorenzo de la Torre construíu un lavadoiro no lugar chamado da “Nogueira” para 6 persoas cun custo de 51,08€ sendo alcalde José M^a Massó García.

- **Fonte da MIRANDA**

Lugar: Pousada



- **Fonte-Lavadoiro Do Habano**

Lugar: Pousada



Baixando de Pousada, cara ó río. Hai unhas escalas recentemente arranxadas. Lenda: 1927



A Miranda aproveitouse de canteira que utilizada para face-la estrada da C-550 que sube pola Torre ata o igrexario de Cela. Fonte de apertura recente que serve ó parque que con asadeiras fixo o concello no camiño dos muíños que de Pousada subía cara o igrexario. En 1903 fíxose o proxecto para construír unha pequena ponte en Miranda de Arriba (Cela), por 3,75€.

- **Fonte de PESCADORES**

Lugar: Castrelo



No camiño de Castrelo á praia de Covelo. Tamén se coñece como a de Cendón. Feita en 1930 e reformada hai pouco. É un só bloque de pedra.

- **Fonte-Lavadoiro do TOMBO**

Lugar: A Torre



A fonte e lavadoiro do Tombo está preto do muíño e río do mesmo nome que pasa polo lugar baixando da Devesanova, lugar de A Torre Vella.

- **Fonte da CROA ou REGENGO (RAGUENJO...)**

Lugar: A Torre

Curiosamente, coa da Pereguiza de Bueu, é unha das fontes que máis expedientes, impugnacións, xuízos, conflitos,.... tivo ó longo dos anos 1950 e seguintes.

Todo comezou un 10 de setembro de 1949 coa petición do concello á J.A.M. de axuda para facer un lavadoiro no lugar Amieiras e días máis tarde tamén unha fonte no mesmo lugar. Pero ocorreu que ó buscar o lugar axeitado (Obsérvese que primeiro piden cartos e logo buscan o lugar) que coincide que pertence a xente emigrada polo que non poden xestionar as expropiacións polo que deciden solicitar permiso para destinar os cartos que se recibirían, e aumenta-lo presuposto, para cambiar o proxecto e pór una fonte no lugar de Ragenjo (A Torre). Aquí comeza unha loita de intereses dos veciños que utilizaban para o rego os tres mananciais a expropiar (da curva de Ragenjo), cos veciños de A Torre de Arriba (A Croa) que non tiñan auga e os veciños de A Torre de Abaixo que dicían que eles estaban servidos coas “excelencias da auga da fonte do Tombo” próxima as súas vivendas.

A pesar de tódalas actuacións dos veciños o concello presuposta e pon en marcha a captación e exploración así como o posterior entubado ata o lugar de A Croa, no camiño que baixa do Ragenjo á Torre, onde estivo unha pequena fonte desaparecida en 1980 ó facer o muro da vivenda dunha casa á altura do nº 61.

- **Lavadoiro de XOALDE**

Lugar: Costa de Xoalde



- **Lavadoiro de SABARIGO**

Lugar: Sabarigo



- **Lavadoiro doa SENRA**



Lugar: O Inferno

O lavadoiro da Senra ou do Inferno está, seguindo o sendeiro que sube, paralelo ó río, cara ó lugar do Inferno, nos montes da Senranas.

O seu estado é lamentable por ter o pío cheo de lodos e herbas.

- **Fonte de ERMELO**

Sinala Ermelo

.....

Sant-Iago dille ó cabalo:
-“Imos pra Ermelo, meu branco,
preto do máis belo ceo,
onde as horas xa non medran
e as náides van as fontes
cos baldes sobre a cabeza.

.....

“Faiscas e Forlepas” de Xosé Carlos O’Framinor.2000.

Lugar: Ermelo



- **Fonte FONTEBIEITA**

Lugar: Ermelo



Lenda no frontal: “AÑO DE 1932”. Non é claro que o nome da fonte sexa Fonte Bieita aínda que o lugar na que se empraza así se chama. Está situada a esquerda por un camiño de pé antes de chegar ó lugar de Ermelo, un pouco máis adiante do cruce novo que sube á Esculca.

O Topónimo Fonte Bieita entre Meiro e Ermelo, hai un manancial de auga moi boa que enche o lago de “Vilariño”.

Unha lenda localizada esta fonte: “Dicían que había moito ouro, un carro de ouro, e dixo unha muller: ¡Ai, meu Deus!, ¿Onde imos meter tanto ouro? E o ouro desapareceu”.¹

¹ Ref. B. Aparicio. 1979. Museo de Pontevedra.

FONTES NOMEADAS NA TOPONIMIA, DESAPARECIDAS OU NON MENCIONADAS

CELA

- **FONTE DE POUSADA**

Nas “Respuestas Generales” do Catastro do Marqués de la Ensenada, 1752. Páx. 358 podemos ve-la referencia falando do nome dun muíño: “*Fonte de Pousada de Joseph de entenza e consortes na aldea de Pousada...*”

Hai moitas probabilidades de que se corresponde coa fonte do Habano, mais non é seguro.

- **FONTE DE FONTIÑAS ou DO BURGO**

De igual nome que a de Amieiro-Sabarigo pero está no lugar de O Burgo. Por debaixo da casa que foi dos alcaldes de Bueu Agustín e José García Parada. Está ó final da canexa, no alto do muro. Hoxe ten un cano de plástico e apenas bota auga.



- **FONTE-LAVADOIRO DE ESCORREGADOIRO**

No lugar da Pena no camiño que baixa cara ao río pola parte de atrás da fonte do mesmo nome. Ao final entre o río da Pena e o regato de Friande había unha fonte e lavadoiro agora aterrados aínda que se pode apreciar, sen auga, o bico da antiga fonte. No seu lugar hai dúas traídas de auga.



- **CANO DE SUATORRE**

Fonte, hoxe desaparecida que se atopaba no Camiño de A Torre a Parapía.

- **FONTE DE RESILLE OU AS COBAS**

A Cabreira, camiño a Souto.

- **CANO DE SARCES**

Manancial particular que verte as augas sobrantes a un lavadoiro, feito nos anos 70, na estrada do colexio da Torre a Antepazo.

- **FONTE DE RESILLE OU CASTIÑÁNS**

No Casal-Beloso. É un cano no cruce.

- **FONTE DO CASA:** A Cabreira, camiño a Souto.



ERMELO

- **FONTE DAS AJUAS**

En Ermelo, lindando con Moaña.

- **FONTE DE XAN ABAD**

Ou, segundo Emilia Estevez, de XAN DE AVAL. Manancial localizado no linde leste de Ermelo con Moaña.

- **FONTANSIÑA**

Lugar de Ermelo no Catastro do Marqués de la Ensenada, 1752.

- **ARROIO**

En Ermelo, lindando polo leste con Moaña.

ÍNDICE

Nome	Lugar	Páx
Historia da auga na Terra		3 - 8
Carta Europea da Auga		9
Ríos de Cela		10 - 11
Ríos de Bueu		12 - 13
Ríos de Beluso		13 - 15
¿De quen foron as fontes?		16
Mapa das fontes		17
Fontes e Lavadoiros de Beluso		18 - 36
Fonte-Lavadoiro de A Achadiza	A Chadiza estrada C-550	18
Lavadoiro "Ponte-Soutelo"	Soutelo – Curva do "Canas"	18
Cano de Soutelo	Escalas de subida a Souto	19
Fonte de Birtocabazos	Ruanova de Abaixo	19
Fonte-Lavadoiro de A Costa Figueirón	Costa de Figueirón	19-20
Fonte-Lavadoiro de Lagoeiro	Cabalo-Subida desde a Roiba	20
Fonte de Sartaxéns	Cabalo-Xunto á praia de Sartaxéns	20-21
Fonte-Lavadoiro de Sar	Sar	21
Cano da Viña do Abade	Sar	21
Fonte-Lavadoiro de Laxes	Sar-Estrada de Cabalo a Sar	22
Fonte-Lavadoiro do Pión	Ruanova de Arriba-Recta do Pión	22
Fonte de Sobalo	Ruanova de Arriba-Recta do Pión	23
Lavadoiro de A Vela	A Vela	23
Fonte-Lavadoiro de A Rosa	A Rosa (preto da igrexa parroquial)	23
Fonte de Chan de Esqueiros	A Rosa	24
Fontes de Mourisca	Praia de Mourisca	24
Cano de Pedrón	Praia de Pedrón	24
Fonte da Bateria de Udra	Udra	24
Fonte de Barceló	Udra– bebedoiro de cabalos	24
Fonte de Ancoradoiro	Praia de Ancoradoiro	25
Pozas-Lavadoiros de Sarabia	De Lagos a Udra	25
Fontes da Praia de Lagos	Praia de Lagos	25
Fonte da Ferrada e de Arriba	Finca Massó- de Lagos	25
Manancial de Braxas	Montemogos-Coumiñán	26
Fonte das Ráns	Montemogos (desaparecida)	26
Fonte-Lavadoiro Nova	Montemogos	26-27
Fonte-Lavadoiro de Lago Mansiño	Lago Mansiño-Montemogos	27
Fonte-Lago de Covelo	Covelo	27
Fonte-Lavadoiro de Comedeiro	Vilar de Arriba	28
Fonte-Lavadoiro de Vilar	Vilar de Abaixo	28
Lavadoiro de Espadrenal	Vilar de Abaixo	28
Cano do Casal	Camiño do Casal-Bon de Abaixo	28
Fonte de Requeixo ou das Leiras	Bon de Abaixo	29
Fonte do Muro	Requeixo-Bon de Abaixo	29
Fonte de Tomadelo	Bon de Abaixo	30
Fonte de Esqueiro do Balo	Bon de Abaixo	30
Fonte-Lavadoiro das Almuiñas	Bon de Abaixo	30-31
Fonte de Sanamedio	Bon de Arriba	31

Fonte-Lavadoiro de Nocedo	Curva de Nocedo-Bon de Abaixo	32
Fonte de Forqueiros	Forqueiros-Sanamedio	32
Fonte-Lavadoiro do Santo	Adro da Capela de Sanamedio	33
Fonte da Granxa	Sanamedio	33
Fonte-Lavadoiro da Cabreteña	A Cabriteña (xunto ó pazo de Ouril)	33-34
Fonte-Lavadoiro do Pazo de Ouril	Chan de Piñeiro-Pazo	34
Fonte-Lavadoiro de Ouril	Chan de Piñeiro- Xunto ó Pazo	34
Outras Fontes-Lavadoiros de Beluso	Beluso	35-36
Fontes-Lavadoiros de Ons	Ons	37-43
Fonte de Caniveliñas	Ons	37
Fonte-Lavadoiro de Pereiró	Ons	38
Fonte-Lavadoiro de Canexol	Ons	38
Fonte-Lavadoiro de Cano	Ons	39
Fonte-Lavadoiro de Cucorno	Ons	39
Fonte-Lavadoiro do Faro	Ons	40
Fonte-Lavadoiro do Entenza e Curro	Ons	40
Fonte do Castelo	Ons	41
Fonte da Praia das Dornas	Ons	41
Fonte de Gaitero	Ons	41
Fonte de Ignacio	Ons	42
Fonte-Lavadoiro do Centulo	Ons	43
Outras fontes de Ons documentadas	Ons	43
Fontes e Lavadoiros de Bueu		44-62
Fonte do Cano	Alexandre Bóveda	44
Fonte-Lavadoiro da Banda do Río	Alexandre Bóveda	44
Fontes Parque Banda Río	Montero Ríos	45
Fonte Paseo Montero Ríos	Montero Ríos	45
Fonte Paseo Pescadoira-Montero Ríos	Montero Ríos	45
Fonte da Praza ou da Vereda	Montero Ríos	45
Fonte Solabarieta e Abelardo Gil	Montero Ríos-Pescadoira	46
Fonte de Pescadoira	Montero Ríos-Pescadoira	46
Fonte Barriada de Pescadores	Pazos Fontenla	47
Fonte dos Galos e da Margarita	Ramal dos Galos-R.Bares	47
Fonte-Lavadoiro do Cura	Ramón Bares – O Valado	48
Fonte-Lavadoiro do Mercado	Bueu	48
Fonte de O Valado	O Valado – Camiño de Pomar	49
Fonte de Rabolongo	O Valado	49
Fonte do Enleito ou Cachopeira	Enleito - Choupana	49
Fonte dos Macacos	Pazo de Castrelo	49
Fonte dos Stos. Reis	O Valado – Capela Stos. Reis	50
Fonte de Necoriña	Ramorta- camiño Enleito a Sta Cruz	50
Fonte Ramorta de Abaixo	Ramorta-Curva estrada A Chadiza	50
Fonte da Pereguisa	Ramorta	50
Fonte do Pazo Sta Cruz	Pazo de Sta Cruz	51
Fonte-Lavadoiro da Vila	Carrasqueira	51
Fonte de San Martiño	Carrasqueira-Camiño Sta. Cruz	51
Fonte-Lavadoiro de Mielño ou Soutelo	Soutelo	52
Fonte de Lagoeiro	A Cividá (xunto a tenda)	52
Fonte-Lavadoiro de A Cividá	A Cividá	52
Fonte-Lavadoiro de Río Novo	Trasouto-Muiños (nova ubicación)	53

Fonte da Relá	Trasouto- Detrás Aluminios Freire	53
Fonte da Cereixeira	Camiño do Torreseiro á Graña	53
Fonte da Graña	A Graña	53
Fonte-Lavadoiro da Barca	A Barca	54
Fonte e Cano das Means	As Meáns	54
Fonte da Pereguisa	O Norte	55
Fonte das Arrodeadas	Outeiro	55
Fonte do Redondo	Outeiro	55
Fonte de Xexide	Sexide-Camiño a Ermelo	56
Fonte dos Tornos	Monte de Xexide	56
Fonte da Abilleira	Carrasqueira	57
Lavadoiro de Loureiro	Loureiro	57
Lavadoiro de Torrexero	O Valado	57
Lavadoiro de Portas	Outeiro	57
Lavadoiro de Amiriras – Fontes de Aldao	Pazos Fontenla e A Graña	58
Fonte do Outeiro	Outeiro-Casa de Feliciano	59
Fonte de Abrille	A Brille-O Viso	59
Fonte dos Cabalos	Castrillón	59
Fonte da Canexa	A Portela-Camiño á Debexa	59
Cano das Laxiñas	A Portela-Por debaixo da ponte	59
Fonte das Laxiñas	A Portela-San Cosme	60
Lavadoiro Río da Portela	A Portela	60
Fonte do Foxo	Meiro	60
Fonte-Lavadoiro Outeiro	Meiro- Lavadoiro na curva	60
Fonte de Quintáns	Meiro-de S.Antoniño á cruce de taller	60
Fonte do Campo de Meiro	Meiro	60
Fonte-Lavadoiro da Lajarteira	Meiro - Vilariño	61
Fonte da Creja ou da Costa	Meiro	61
Fonte de Regueiriño	Meiro á Casela (camiño de subida)	61
Fonte da Casela	A Casela	61
Lajo dos Lombeiros		62
Fonteporfín		62
Fonte Segunda		62
Fonte de Liboreiro		62
Fonte de Touriño		62
Lagoa ou Auga do Lume		62
Fontes e Lavadoiros de Cela		63-74
Fonte de Queimaño	Antepazo – Estrada colexio	63
Fonte-Lavadoiro da Morqueira	Antepazo- Camiño cara abaixo do Beloso	63
Fonte Victoria	Beloso – Camiño cara arriba	64
Fonte de Coteleiro	A Cabreira	64
Fonte de San Martiño	Cabreira – De o Viso ó Beloso	64
Fonte do Redusio	Curva de Beloso	64
Fonte de A Gándara	A Gándara-Acceso ó Torrón	65
Fonte das Carreiras	Cruce de A Torre ás Castiñáns	65
Fonte Remedios ou Souto	Souto- de Torrón a Pousada	65
Fonte do Souto	O Souto	65
Fonte da Área recreativa de O Río	Parque de O Río do Inferno	65
Fonte-Lavadoiro de Fonte Nova	O Río-Fontenova	65

Fonte e Lavadoiro de O Río ou Meixide	O Río	66
Fontes de O Pindo	Igrexario-cruce á Pena	66
Fonte de A Pena	A Pena-Subida a Chans	66
Fonte da Paradela ou Cachopas	Paradela (xunto ó cruce de Moaña)	67
Cano de Chans	Chans	67
Fonte Chans dos Mogos	Chans	67
Fonte-Lavadoiro de Lavandeira	Entre a Serva eA Costiña	67
Fonte do Igrexario	Igrexario-xunto á igrexa	68
Lavadoiro dos Agouzos ou Ratos	Curva muiños Costiña a Igrexario (desap)	68
Fonte de Fonte Alta	Fonte Alta	68
Fonte de Castrelo	Fonte Alta – Antiga Castrelo	68
Fonte de Fontiñas	Sabarigo-Amieiro	69
Fonte de Quintáns	Crabón-Na casa de Quintáns	69
Fonte do Pombal ou Meicides	Murráns-Barral camiño desde Pousada	69
Cano da Viña Grande ou Canavido	Canavido-Castrelo	69
Fonte de Tinxeberzas	Castrelo-Estrada de Castrelo a Sabarigo	70
Fonte das Albas ou Quintas	Crabón	70
Fonte Fanequeira	Sabarigo	70
Lavadoiro do Regueiro	Sabarigo	70
Fonte-Lavadoiro da Nogueira	Cruce Sabarigo a Resille-ponte	71
Fonte da Miranda	Pousada – Parque da Miranda	71
Fonte-Lavadoiro do Habano	Pousada	71
Fonte de Pescadores ou Cendón	Camiño de Castrelo á praia de Covelo	72
Fonte-Lavadoiro do Tombo	A Torre-Muiños-Lagos da Torre	72
Fonte de A Croa ou Regengo	Muro vivenda nº 61 –Desaparecida 1980	72
Lavadoiro de Xoalde	Costa de Xoalde	72
Lavadoiro de Sabarigo	Sabarigo	72
Lavadoiro da Senra	Inferno-Castiñáns	73
Fonte de Ermelo	Ermelo-interior do lugar	73
Fonte-Lavadoiro de Fontebieita	Ermelo-despois do cruce novo	73
Fonte de Pousada	Pousada	74
Fonte de Fontiñas ou do Burgo	O Burgo	74
Fonte-Lavadoiro de Escorregadoiro	A Pena	74
Cano Suatorre	Camiño desde a Torre a Parapía (desapar.)	74
Fonte de Resille ou As Cobas	A Cabreira Camiño a Souto	74
Cano-Lavadoiro de Sarces	Estrada colexio da Torre cara Antepazo	74
Fonte de Resille ou Castiñáns	Camiño do Coto ás Castiñáns	74
Fonte do Casal	O Casal Beloso - Cano no cruce	74
Fonte das Ajuas	Ermelo	74
Fonte de Xan Abad	Ermelo	74
Fontansiña	Ermelo	74
Arroio	Ermelo	74

Auga que non has de beber ... respéctaa tamén...